

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, VII

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

***Antón e Ramón Villar Ponte:
Unha irmandade alén do sangue***

Emilio Xosé Ínsua López

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Imprime:

Gráficas ATV

ISBN:

84-453-3960-5

Depósito Legal:

C-2877-2004

*En memoria e homenaxe a Zoraida Morgado,
polo tesouro de libros galegos que puxo nas
miñas mans no final dos seus días.*

Presentación

Velaquí o traballo gañador do II Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve. Titúlase *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue* e o seu autor é un profesor de Ensino Medio, mozo aínda, Emilio Xosé Insua López –distinguido co voto unánime do xurado do Premio– que presentou o seu traballo baixo o lema *Zoraida* e no acto de entrega da distinción á que se fixo acredor explicou, non sen fonda emoción, o porqué daquel lema.

O profesor Insua López forma parte das novas xeracións de intelectuais galegos que están a desenvolver, dende perspectivas máis rigorosas por máis críticas, unha múltiple obra publicística no terreo, sobre todo, da literatura do país. Ensaaios, edicións, colaboracións en prensa, libros de texto integran ese amplo e variado labor que, no caso que agora me ocupa, conta co engadido dunha moi importante e ata exhaustiva tese de doutoramento, que discorre precisamente sobre Antón Villar Ponte.

O coñecemento en profundidade das figuras tratadas, o dominio da bibliografía, a meditada ordenación das partes na totalidade do conxunto e a pulcritude e precisión expositivas son notas –moi positivas notas– destas páxinas do profesor Insua López, que percorre

plurais camiños ó enfocar os Villar Ponte: contexto familiar, labor de prensa, campañas ideolóxicas, militancia nacionalista, singradura na etapa republicana, etc. Este VII Caderno Ramón Piñeiro resulta, en consecuencia, un texto atraente para o lector e significativo pola súa análise. Os meus sinceros parabéns ó autor porque, en definitiva, contribúe con este traballo a consolidar o Premio Centro Ramón Piñeiro con alto prestixio e notable dignidade intelectual.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ÍNDICE

1. <i>A xeito de introdución. Unha primeira aproximación valorizativa e contrastiva ás respectivas figuras dos irmáns Villar Ponte</i>	11
2. <i>O contexto familiar e formativo</i>	21
3. <i>Primeira sintonización ideolóxica e primeiras campañas cívicas conxuntas dos irmáns Villar Ponte</i>	31
4. <i>Os irmáns Villar Ponte e a xestación das Irmandades da Fala</i> ..	43
5. <i>Despregamento dun constante labor proselitista e afrontamento das primeiras escisións nas Irmandades</i>	51
6. <i>Pangaleguismo, radicalización ideolóxica e unha empresa xornalística en común</i>	61
7. <i>Coincidencia ideolóxica dos Villar Ponte na ruptura do nacionalismo e na posterior actuación da ING</i>	75
8. <i>Os Villar Ponte no réxime ditatorial primorriverista: da inicial colaboración á célere actitude de oposición republicana e galeguista</i>	89
9. <i>Unha paréntese de dor no clan dos Villar-Chao</i>	103
10. <i>Apurando esforzos a prol da mudanza de réxime. Os Villar Ponte no nacemento da ORGA e durante a “Dictablanda”</i> ..	111
11. <i>Esperanzas, logros, frustracións e contradicións do período republicano para os irmáns Villar Ponte</i>	133
12. <i>Coda. Ramón depositario do cariño e a dor colectivas pola morte de Antón</i>	147
<i>Bibliografía citada</i>	151

1. A xeito de introdución. Unha primeira aproximación valorizativa e contrastiva ás respectivas figuras dos irmáns Villar Ponte.

O de Antón (1881-1936) e Ramón Villar Ponte (1890-1953) non é, evidentemente, o único caso de irmáns de sangue que na primeira metade do século XX desenvolveron unha intervención máis ou menos destacada na sociedade galega, quer no ámbito cívico-político, quer no cultural, quer no literario, quer no xornalístico. Velaí están, por citarmos algúns, os casos de Manuel e Plácido Lugo Freire, Florencio e César Vaamonde Lores, Ramón e Xoán A. Suárez Picallo, Augusto M^a e Álvaro de las Casas, Fermín e Luís Bouza Brei, Xurxo e Xoaquín Lourenzo, etc.

Ora, sendo o anterior verdade, non cabe dúbida de que o de Antón e Ramón Villar Ponte resulta, por moitos motivos, un par fraterno especial e intensamente frutífero, sen o que dificilmente se poderían describir de xeito satisfactorio fenómenos e episodios á postre fundamentais na historia política e cultural da Galiza do século XX.

No plano político, ambos irmáns xogan un papel de destaque na fundación e xeira toda das Irmandades, na loita democrática, republicanista e progresista contra a Ditadura de Primo de Rivera e na axitada evolución do nacionalismo galego durante a peripecia republicana, traxicamente truncada co alzamento fascista de xullo de 1936.

No plano ideolóxico, corresponde a eles en boa dose a fundamentación teorética e a divulgación demótica (a través da prensa, da conferencia, do folleto, do libro, do

mítin e mesmo da incipiente radiofonía) dos principios dunha doutrina nova, o nacionalismo galego, superadora das limitacións do rexionalismo decimonónico e, ao mesmo tempo, amalgamadora e sintetizadora das aspiracións da nación negada e das súas clases sociais marinadas.

No plano cultural, ambos colaboran con entidades emblemáticas como a Academia Galega, o Seminario de Estudos Galegos, a Asociación de Escritores, etc. e participan en non poucas empresas relacionadas co mundo da literatura (editorial “Céltiga” de Ferrol, boletín ourensán *Nós*, etc.) e da prensa (*A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, *El Correo Gallego*, *Galicia*, *El Pueblo Gallego*...).

No plano idiomático, inxente foi o seu esforzo de reivindicación, de dignificación e de ampliación de usos do galego, desde a propia esfera íntima e familiar ata o espazo público, fose como oradores, fose como articulistas de prensa, fose como literatos e intelectuais.

Neste sentido, tal vez o máis significativo e importante no relacionamento dos irmáns Villar Ponte reside na marcada complementariedade, na constante colaboración e no entendemento estratéxico ou de fondo que existiu entre ambos durante as súas respectivas traxectorias vitais, mesmo por riba de notorias diferenzas a respecto dalgúns aspectos ideolóxicos (actitude perante a relixión, por exemplo) e a despeito de determinadas diverxencias tácticas en conxunturas concretas (explicitación ou non de sentimentos e posicionamentos “arredistas”, distinta actitude diante da constitución do Partido Galeguista (PG) en 1931 e da participación deste na Frente Popular en 1936, etc.).

Cos seus matices e sen menoscabo das súas particularidades persoais, formativas e de talante, os irmáns Villar Ponte constituíron un auténtico *tándem*, unha *entente cordiale* que, desde unha actitude sempre combativa e civilista, se traduciu nunha especie de tácito “reparto de papeis” segundo o que a Antón lle tocou exercer de home permanentemente envorcado cara á opinión pública, constante divulgador, incansábel promotor de iniciativas, animador do teatro nacional e destacado dirixente da primeira fila nacionalista e republicanista na Galiza, entanto a Ramón lle tocou actuar como discreto activista, teorizador sistemático da nova doutrina libertadora galega e dirixente político a escala local viveiresa... De aí, certamente, que a estrela antonina adoite brillar, polo xeral, con máis forza que a ramonina dentro do universo das figuras de referencia dese período histórico galego.

En liñas xerais, Antón preséntasenos máis “multifacético” do que seu irmán Ramón e cunha traxectoria biográfica e pública máis relevante, máis incisiva, máis axitada e problemática (facendo excepción, claro é, das duras circunstancias que acompañaron a Ramón na posguerra). O máis vello dos Villar Ponte, con efecto, exerceu vocacións e facetas (poeta e orador republicanista xuvenil, boticario, novelista en español, actor teatral *amateur*, tradutor e autor teatral, director de cadros de declamación e de coros populares, xornalista profesional...) que están ausentes en seu irmán menor e protagonizou ademais peripecias e responsabilidades que, para ben ou para mal, non viviu Ramón (emigración a Cuba, presidencia de destacadas entidades corporativas como a “Asociación de Prensa” coruñesa, participación en entidades educativo-recreativas como a “Reunión de

Artesáns” ou a “Universidad Popular” herculinas, dirixente provincial agrarista, membro da “Junta Provincial Antituberculosa” da Coruña, preso da Ditadura primorriverista, deputado en Cortes na 2ª República...)

En facetas coincidentes, Antón conseguiu, por regra xeral, unha maior influencia, unha maior relevancia, unha maior popularidade e un maior recoñecemento, tanto coetáneo como póstumo, do que seu irmán Ramón.

No mundo do xornalismo, por exemplo, a figura de Antón está loxicamente a anos luz da de Ramón, tanto pola variedade de funcións que despregou desde a profesionalidade o máis vello dos irmáns (“negro”, colaborador habitual e/ou esporádico, redactor, director, correspondente, columnista de opinión...) como pola cantidade e relevancia pública dos artigos que escribiu e dos numerosísimos cabezallos que frecuentou, entre os que hai que contar o máis salientábel da prensa galega e emigrada do seu tempo e aínda algún dos xornais emblemáticos da prensa española de signo progresista naquela época, como *El Sol*. A faceta xornalística de Ramón é moito máis limitada e menos ubérrima que a de seu irmán, aínda que, por suposto, ten un interese indiscutíbel.

No campo cultural, constátase a participación de ambos irmáns en entidades como a “Academia Galega”, o “Seminario de Estudos Galegos” ou a “Asociación de Escritores de Galicia”. No primeiro caso, a relevancia de Ramón só afloraría na posguerra, cando xa Antón finara. No segundo, tal vez sexa o do irmán menor o contri-

buto máis importante, pois, a diferenza de Antón, chegou a efectivizar o ingreso na entidade lendo en 1927 un discurso sobre *O sentimento nazonalista e o internazonalismo*. Canto á terceira entidade, é sabido que o papel de Antón na súa aparición foi decisivo, por máis que morrese sen ver logrado o afán... Ora, nin como conferencista, nin como prologuista, nin como xornalista cultural (envorcado na crítica e divulgación de libros, no comentario de exposicións artísticas, na participación en múltiples debates estéticos, etc.) cabe comparar o contributo dun e doutro, por ser claramente favorábel, sequer sexa en cantidade, a Antón.

Na política, o papel de Antón no nacionalismo das Irmandades e da ING, na loita contra a Ditadura primorriverista e na xeira republicana ten, por regra xeral, unha transcendencia e relevancia moi superiores á de Ramón: Antón é conselleiro primeiro da Irmandade coruñesa, dirixe *A Nosa Terra*, é candidato a concelleiro na Coruña en 1921, fai parte do Directorio da ING, é dirixente da “Federación Provincial Agraria” coruñesa en 1923-1924, é concelleiro na amentada cidade en 1924, promove sen éxito o “Partido Liberal Autonomista Gallego” en 1925, participa en primeira liña na “Alianza Republicana” desde 1926, apoia en 1929 a posta en marcha do “Partido Republicano Radical-Socialista”, resulta decisivo na fundación nese mesmo ano da “Organización Republicana Gallega Autónoma” (ORGA), exerce como deputado nas Cortes Constituíntes (1931-1933) da 2ª República, ingresa en 1934 no PG e asume postos de dirixencia neste partido, volve ser candidato ás lexislativas en febreiro de 1936... Frente a esta executoria, Ramón é un dirixente de nivel medio nas Irmandades, parece acadar certo protagonismo na ING (fai parte das

comisións encargadas do traballo de crear un sindicato nacionalista e de manter os vínculos cos núcleos nacionalistas da emigración americana) e acaba por desempeñar labores tan só no nivel local, primeiro na ORGA e logo no PG, se ben é certo que chega a ostentar a alcaldía da vila do Landrove durante uns axitados meses de 1931...

Nesta mesma orde de cousas hai que dicir que Ramón era, segundo ten testemuñado Lois Tobío nas súas *Décadas*, máis romántico e idealista que Antón, o que se traduciu nunha actitude amiúde máis “rígida” e “purista” por parte do primeiro (cabe dicir en certa maneira, menos “flexíbel” e “pragmática”) no relativo a cuestións político-doutrinarias. Parece indiscutíbel, así e todo, que Ramón revela nos seus artigos e ensaios uns fundamentos teórico-formativos máis sólidos e sistemáticos que seu irmán Antón, moito máis “autodidacta” e ecléctico na conformación do seu pensamento e moito menos disciplinado á hora de poñelo en orde e expoñelo, seguramente por “deformación profesional” (os xornalistas sempre padeceron a tiranía da actualidade e a vertixe da inmediatez...).

Antón e Ramón compartiron ideais republicanas e federalistas, que beberon directamente, durante a súa adolescencia, dos escritos de Pi i Margall. Amosaron desde mediados da década dos 10 e polo resto das súas vidas un constante compromiso en defensa da personalidade nacional da Galiza e do recoñecemento dos dereitos políticos e culturais que de tal condición se derivan, refugando tallantemente o centralismo unitarista español (mesmo desde formulacións “arredistas” ou filo-independentistas no período 1921-1923, especialmente

expresas en Ramón) e converténdose en activísimos propagandistas das demandas autonomistas galegas colocadas durante a 2ª República. Fitaron e analizaron o panorama internacional e as relacións entre pobos desde perspectivas claramente anti-imperialistas, combatendo ademais a posición dogmáticamente estatalista das esquerdas españolas a este respecto. Ollaron con arroubo as loitas nacionais de Polonia, Irlanda, Cataluña e Euzkadi e viviron con horror o espectáculo da Europa enzoufada en sangue durante a Grande Guerra (1912-1918), da Italia en mans de Mussolini (1921) e da Alemaña en mans de Hitler (1933). Combateron con enerxía (tras un primeiro momento de errada esperanza, confusión e tímida colaboración) a Ditadura de Primo de Rivera e, xa na República, alertaron e loitaron contra a infiltración caciquil nas hostes defensoras do novo réxime e contra un crecente extremismo dereitista e fascista, que acabou por provocar a traxedia do 36.

A relixión configúrase como o terreno en que resultan máis claras as diverxencias de pensamento e de actitude entre os dous irmáns. O catolicismo sen fisuras de Ramón, adquirido no seo familiar e revelado de cote con actitudes devocionais moi marcadas, contrasta tanto co anticlericalismo xuvenil como co laicismo militante e agnosticismo tolerante do Antón maduro.

Dito isto, o noso ensaio tentará mostrar nas liñas que seguen algúns dos momentos, acontecementos, circunstancias, campañas e iniciativas que converteron a irmandade sanguínea dos Villar Ponte nun punto de partida para o desenvolvemento dunha outra irmandade, chamémoslle “espiritual”, da que, discrepancias

incluídas, derivaron numerosos froitos ideolóxicos, políticos e culturais que, alén de constituír referentes inexcusábeis da historia da Galiza no século XX, continúan presentes e actuantes en boa medida na sociedade galega de comezos do século XXI.

2. O contexto familiar e formativo

O Viveiro de finais do século XIX que veu nacer aos Villar Ponte era unha vila con suficientes elementos políticos, económicos, sociais e culturais como para impregnar de vocacións e inquietudes, desde cedo, a personalidade dos dous irmáns.

Tratábase dunha vila de tradicional especialización comercial e artesanal que vivía nesa altura en plena transformación económica, mercé á chegada da enerxía eléctrica, a introdución do vapor nos barcos de pesca ou a apertura das minas de ferro da Silvarosa. Unha vila que dispoñía de varias entidades recreativas, en que surxían continuamente rondallas musicais, comparsas de Antroido, bandas de música, grupos afeccionados de teatro, etc. Unha vila que contaba con locais axeitados para as representacións dramáticas e as proxeccións cinematográficas, que erixía a Nicomedes Pastor Díaz unha estatua no centro da Praza Maior e que animaba dous cabezallos de prensa, enfrontados entre si: o católico-conservador *El Eco de Vivero*, fundado en 1888 e dirixido desde 1893 polo subdiácono de orixe santiaguesa Jesús Noya González, e o liberal *El Vivariense*, fundado en 1890 e dirixido por Jesús Franco.

A política entraba a diario na casa en que se criaban os Villar Ponte, pois seu pai, Don Ponciano Villar Bermúdez (1842-1914), era un dos prebostes locais do Partido Conservador, exercía nalgúns períodos como concelleiro e actuaba como recadador do deostado imposto de consumos. As loitas entre liberais e conser-

vadores locais (“dos bandos sin ideas”, en expresión de Antón Villar Ponte) e a emerxencia do obreirismo na vila do Landrove fixeron de pano de fondo no desenvolvemento infantil dos nosos protagonistas, insuflando neles con toda a probabilidade unha precoz preocupación pola *res publica*.

Non debe esquecerse, por outra banda, a condición “privilexiada” de ámbolos dous irmáns tanto no tocante á situación económica familiar (seu pai, Don Ponciano, enriquecera en Cuba, cobraba diversas rendas e detentaba unha das medianas fortunas do Viveiro finisecular) como no relativo á formación académica recibida. Ambos foron alumnos do “Colegio Insigne”, fundado en 1563 mediante manda testamentaria por María Sarmiento de Rivadeneira, fechado na vaga desamortizadora liberal en 1840 e reaberto en 1890. Ambos deslocáronse a Lugo para facer “por libre” os exames do bacharelato e ambos tamén fixeron carreira universitaria. Ben é verdade que a farmacéutica en Santiago de Compostela de Antón cadrou ben pouco coas expectativas e vocacións do estudante, entanto a de Filosofía e Letras na “Universidad Central” de Madrid de Ramón, parece axustarse máis ás vontades, talentos e mesteres para os que o pequeno dos Villar Ponte se sentiu posteriormente chamado.

Nese sentido, a pesar de ter feito carreira na Universidade, Antón foi en moitos aspectos un auténtico autodidacta, de saber amplo e intereses moi variados e flexíbeis. As cualificacións do seu expediente académico, por mediocres (un único Notábel, varias materias superadas en Setembro e despois de varias convocatorias, etc.) non deixan dúbida sobre a escasa motivación

que suscitaron nel os coñecementos da botica, en contraste cunha temperá vocación política (militancia no republicanismo, primeiro a través dos grupos “Germinal” e despois na “Unión Republicana” liderada por Salmerón), literaria (poemas en español en diversas revistas, pezas teatrais *El peso de una ley* e *A patria do labrego*) e xornalística (colaboracións en xornais como *Nueva Brisa*, *El Combate*, *El Vivariense*, *Revista Gallega*, *La Idea Moderna*, *El Progreso*, *El Automóvil*, *¡Guau...Guau!...*). Para exercer como xornalista, Antón mergullouse por libre en abondosas e variadas lecturas, das que saíron unha nada desdeñábel formación humanística (política, sociolóxica, pedagóxica, histórica) e unha dedicación constante á *res literaria*, nomeadamente teatral. O xornalismo nesa época conducía en realidade a todo menos á especialización de saberes...

Pola contra, seu irmán Ramón aparece como un estudante máis aplicado e centrado nas disciplinas “propias da materia”, sen case dexergas de vocación literaria (os textos desa índole que se conservan son da posguerra) e cun exercicio do xornalismo non profesional, senón provocado polo afán divulgativo e/ou proselitista. O polifacetismo dos saberes de Antón, nalgúns casos obviamente un tanto epidérmicos dada a premura que o exercicio do xornalismo impuña no seu ritmo de “adquisición”, convértese en Ramón en especialización, en profundización rigorosa e sistemática en determinadas materias (a historia, a filosofía kantiana, o dereito e as doutrinas políticas, etc.), nunha incansábel tarefa de lectura, reflexión e elaboración propia.

Non debe perderse de vista, por outra banda, o feito de que Antón era case dez anos máis vello que

Ramón. As peripecias universitarias do primeiro, o seu compromiso republicanista (en aberto desafío ás ideas do núcleo familiar), a aventura xornalística de *Nueva Brisa*, a apertura da botica en Foz, a progresiva consagración como xornalista e literato foron feitos que Ramón viviu desde a condición de neno, probabelmente desde a (case) inconsciencia. Non así, polo dolorosas, a morte da nai Melchora Ponte Peña (1852-1897) e dos irmáns Faustino (1880-1904), María de la Consolación (1884-1906) e María de la Natividad Jesusa (1892-1904). Eses óbitos, invariabelmente causados pola tise, traumatizan o fogar dos Villar Ponte e deixan a Ramón e Antón como únicos vástagos superviventes... Se é lóxico que dous irmáns se profesen afecto, non é estraño que vistas estas circunstancias, Antón e Ramón o fixesen cunha intensidade especial...

O desllocamento de toda a familia Villar Ponte a Santiago nos cursos 1894-95 e 1895-96 serviu para acompañar ao fillo máis vello, Xosé Faustino, no remate da súa carreira de Medicina e para amparar o salto á Universidade de Antón. Son dous anos composteláns na infancia do neno Ramón dos que resulta difícil saber qué pouso puideron deixar no seu espírito. Non acontece así con Antón, pois semella claro que a estadía en Compostela afianzou as tres vertentes vocacionais para as que se viña sentindo chamado desde a puberdade en Viveiro: a política, o xornalismo e a literatura.

Non podemos deixar de subliñar a diferente reacción perante o medio ideolóxico familiar experimentada polos dous irmáns. A orfandade materna marcou a infancia de Ramón. A tía Clementina Ponte supliu na práctica a ausencia de Melchora e infundiou en Ramón

unha boa parte da súa acesa relixiosidade católica, un tanto tridentina. Polo contrario, Antón reaxiu contra o clima ultracatólico e monárquico dos seus proxenitores, abrazando nos anos mozos un anti-clericalismo tipicamente republicano, do que dan mostra algúns dos seus traballos no semanario herculino *El Combate* (1903), en que rexeita o concepto de caridade, polemiza co entón arcebispo de Santiago, o salmantino Martín de Herrera (1835-1922), arredor do dereito dos obreiros católicos a se syndicar en organizacións socialistas ou defende a existencia dunha verdadeira dicotomía entre Catolicismo (“es la exaltación del privilegio, la teocracia, el absolutismo, la autocracia refinada”) e Cristianismo (que ten “esencia democrática” e do que son sublimacións os ideais consagrados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

A diferenza de anos que existía entre eles e as propias circunstancias familiares en que quedaron após a morte da nai e as sucesivas perdas de irmáns vítimas da tise fixeron que Antón asumise en certa medida un rol máis acusado de “irmán máis vello” para Ramón. As presuntas desidias do Villar Ponte máis novo, por exemplo, serán reprendidas polo autor de *A patria do labrego* nas páxinas da *Revista Gallega* de Galo Salinas, concretamente no seu número 386 (10.8.1902) mediante o apólogo en verso “La pereza”... A devoción pola figura de Nicomedes Pastor Díaz e a admiración e asimilación das ideas federalistas de Francesc Pi i Margall son dous claros exemplos do influxo ideolóxico directo e decisivo que Antón exerceu sobre Ramón nesta época.

Por outra banda, non é difícil imaxinar a admiración e o afán imitativo que debía de sentir Ramón a res-

pecto de seu irmán máis vello cada vez que á casa dos Villar Ponte chegaba un exemplar dos moitos xornais e revistas en que Antón comezaba a colaborar (*La Idea Moderna, Revista Gallega, El Combate, Tierra Gallega, La Voz de Galicia...*); cando se recibía algunha carta de destacadas personalidades literarias ou políticas como Santiago Rusiñol, Lugrís Freire, Riguera Montero ou Alejandro Lerroux a el enderezada; cando a prensa mencionaba a estrea da súa peza *El peso de una ley* en Viveiro en 1902 e polos obreiros socialistas de Lugo na Festa do Primeiro de 1904; cando o seu nome era amenzado en letra de molde e pasquín pola súa participación en mitins e actos públicos republicanistas; cando chegou o pacote que contiña exemplares impresos na Casa Ramiro P. del Río, de Luarca, da peza *A patria do labrego*; etc.

Desta faceta ou rol educador que, *latu sensu*, cumpriu Antón a respecto de seu irmán máis novo dá conta, en definitiva, a dedicatoria que este estampou en 1921 no frontis da súa *Doctrina Nazonalista*:

“Con todo o agarimo da miña alma adico iste traballo, froito de unha arela francamente arredista, a meu irmán Antón, non soio por sere irmán dobrementes, no sangue e na sagra idea, sinon tamén por sere o meu mestre”.

Cando Antón decide marchar para Cuba en 1908, despois de ter pechado a botica de Foz (desde a que animara con Noriega Varela o xornal satírico *¡Guau...Guau!* e desde a que combatera, secundando a campaña de Riguera Montero, a Academia Galega de Murguía), de ter colaborado co semanario viveirés *Germinal* e de ter

fracasado como redactor do diario republicano madrileño *El País*, Ramón debeu de ser testemuña da rifa que tal decisión causou entre seu irmán e seu pai. O propio Antón aludiría a ela afirmando que empredeu viaxe a Cuba despois de ter feito o “cruento sacrificio” de discutir con Don Ponciano, que xa abondo decepcionado e preocupado estaba tanto co fechamento da botica fozega como cos fervores políticos do seu vástago.

**3. Primeira sintonización ideolóxica
e primeiras campañas cívicas conxuntas
dos irmáns Villar Ponte**

Consérvase na Academia Galega algunha das cartas que Antón enviou á súa decimada familia desde Cuba, durante o axitado periplo que protagonizou nese país durante aproximadamente dous anos (maio de 1908-xullo de 1910). Nese testemuño epistolar vemos a Antón ponderando a cantidade de traballo que tiña que afrontar como xornalista e director de *El Comercio* de Camagüey e dando conta dalgún dos seus éxitos socio-profesionais.

Como é sabido, Antón foi en Cuba colaborador, redactor, director e/ou promotor de diversas publicacións galaico-cubanas e propiamente cubanas (*Follas Novas*, *Diario Español*, *La Unión Española*, *El Comercio* de Camagüey, *El Resumen*, *Alma Gallega*); dinamizou as actividades culturais da colonia galega a través de entidades como o cadro de declamación “Rosalía Castro”; fixo parte de diversas comisións filo-rexionalistas como a “Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega”; acompañou nos prolegómenos aos iniciadores da sociedade de instrución “Vivero y su Comarca”; participou en banquetes, actos de protesto pola matanza de Oseira e en diversos mitins agrario-basilistas; frecuentou o trato de diversos pintores, escritores e xornalistas; etc.

Tamén foi en Cuba onde se namorou de Micaela Chao; onde foi brutalmente agredido en represalia pola publicación en *El Comercio* de Camagüey de determinados artigos de contido moi crítico con certos sectores da

colonia española; onde protagonizou un fero enfrontamento co xornalista ferrolán Adelardo Novo pola dirección do *Diario Español*; e, finalmente, onde se bateu até tres veces en *duelo*, por cuestións de “honra profesional”.

En xullo de 1910, coa acreditación como correspondente de prensa na Península dos diarios *La Correspondencia* de Cienfuegos e *Diario de la Marina* de La Habana baixo o brazo, Antón Villar Ponte embarca para regresar a Galiza. Cando se instala provisoriamente en Viveiro, anima en outubro a constitución dunha comisión para a celebración solemne do primeiro centenario do nacemento do poeta romántico e político liberal moderado Nicomedes Pastor Díaz (1811-1863), comisión da que, por certo, fai parte tamén Don Ponciano Villar Bermúdez. A teima era vella, pois xa en 1901 o autor de *A patria do labrego* presidira outra comisión, asesorada polo poeta Alfredo García Dóriga, que traballara (sen éxito, iso si) co obxectivo de recadar fondos pecuniarios que sufragasen o traslado dos restos mortais do autor da “Égloga de Belmiro e Benigno” desde Madrid a Viveiro. Daquela, Antón mesmo subira ao escenario do “Coliseo” viveirés, nunha función con fins recadatorios, para interpretar o papel de “Arturo” nunha representación da peza *El asistente coronel*, de Gonzalo Cantó.

Precisamente no contexto desa nova campaña homenaxeadora de Pastor Díaz promovida por Antón Villar Ponte vemos ao seu irmán Ramón lanzarse por vez primeira á escena pública, asinando a súa primeira colaboración xornalística. Trátase do artigo “Desigualdad irritante”, publicado no semanario *La Voz de Viveiro* o día 2 de agosto de 1911. Nel denuncia Ramón a falta de ambiente e o escaso apoio, tanto no propio Viveiro como

na Galiza e nas colonias galegas da emigración, que rodeaba a iniciativa de homenaxe a Pastor Díaz. A “Universidad Central” madrileña (da que Pastor Díaz fora rector) e o “Centro Galego” de la Habana son, nese sentido, as dúas entidades que reciben as máis agres críticas e os máis acesos reproches por parte de Ramón Villar Ponte. Finalmente, os actos leváronse a cabo o 15 de setembro de 1911 e neles desempeñou un destacado papel Antón, pois pronunciou en nome da Academia Galega un discurso desde o balcón da casa natal do poeta romántico obxecto de homenaxe.

Entre decembro de 1910 e xaneiro de 1911, Antón residiu en Portugal como correspondente de prensa para cubrir os sucesos revolucionarios que supuxeron a instauración da República no país irmán. Durante esa estadía, segundo confesou anos despois, realizou unha transcendental descuberta socio-lingüística e mesmo identitaria, ao comprobar como o portugués, na fin de contas un “galego nacionalizado”, despregaba un abano funcional completo e vivía unha normalidade social da que o galego carecía (e aínda carece). Non é difícil imaxinar que semellante impacto emocional e intelectual experimentado polo Villar Ponte máis vello fose inmediatamente transmitido e contaxiado ao Villar Ponte máis novo, xurdindo así no pensamento de ambos unha compoñente filo-lusitanista e un ideal normalizador do galego e reintegrador da vella unidade idiomática (e non só) galaico-portuguesa que permanecerá constante e actuante ao longo das súas respectivas traxectorias.

De regreso en Viveiro, Antón excita a través do xornal *La Voz de Viveiro* unha campaña en demanda da construción do ferrocarril da Costa (Ferrol-Xixón) e

actúa como correspondente de prensa na Península para os xornais cubanos arriba citados e na propia vila do Landrove para o diario liberal herculino *La Voz de Galicia*. Mais diversas cuestións vitais e profesionais empúrrano fortemente cara ao abandono da vila que o viu nacer.

Por unha banda, o seu imposíbel encaixe na correlación política do municipio, polarizada entre un bando liberal submisivo ao deputado Soto Reguera e unha *entente* republicano-conservadora acaudelada polo *tándem* Díaz Freijo-Rebellón Zubiri. O clima socio-político que respira Viveiro cando Antón Villar Ponte regresa de Cuba provócalle, efectivamente, un evidente malestar, que se exterioriza na “Carta aberta” que lle remite o 31 de xullo de 1910 ao director do diario lugués *La Idea Moderna*, Vega Blanco (*Beppo*), nada máis chegar á vila do Landrove. A ela pertencen estes longos, mais substanciosos, parágrafos:

“Desde que he pisado tierra española, salvo las crónicas que por obligación tengo que enviar periódicamente á los dos diarios cubanos, cuya representación en España se me ha confiado, no emborroné hasta la fecha ninguna cuartilla (...) Pensaba descansar una temporada, que bien lo ha menester quien, como yo, pasase dos años en tropicales países ‘no dando paz á la mano’. Pero está visto que mi descanso es escribir (...) Intenciones me entraron al cojer la pluma de trazar un capítulo de novela picaresca que tuviera por asunto mi pueblo y sus políticos. Pero quédese en el tintero por hoy semejante deseo (...) Sin embargo, como de algo hay que hablar, hablemos de esta cosa turbia que se llama sociedad vivariense y que á lo que á mi se me alcanza es fiel espejo de otras sociedades similares donde el caciquismo y el energumenismo han

sentado sus reales, levantando tiendas de campaña más pobres y grotescas que las de ciertas hordas africanas (...) Ese arte de mediocres que se llama la política *ad usum vulgaris*, invade todas las capas sociales de este pueblo donde me cupo la suerte de nacer (..) tan mezclados andan aquí los oficios, las artes, las letras y la política”.

A. Villar Ponte denuncia a tremenda polarización da vida local viveiresa en dúas banderías (“ha de saberse que hay dos aceras: la de don fulano y la de don zutano”, escribe), que envelena completamente a convivencia e que dificulta a súa particular “reintegración”:

“Y a mí, que jamás fuí político en el sentido rebañego de la palabra, hubo señores graves -y que el asno me perdone si ofendo su seriedad- que no se han dignado saludarme, creyéndome sin duda contaminado de majadería política. ¡Pobres gentes! ¡No saben que limitando el valle donde se enmarañan sus miserias hay cimas altas y escarpadas á donde se encaraman los hombres que, como yo, gustan de espaciar la vista en los horizontes amplios y dilatados! ¡Ignoran que más allá de su pequeñez está la cultura y está la vida civil y está la espiritualidad y están las margaritas que no se han hecho para la boca de los puercos”.

Por outra banda, contribúe ao seu malestar o forzoso afastamento da súa namorada Micaela Chao, residienciada entón en Ortigueira, tras regresar de Cuba. Téñanse en conta, a maiores, as esixencias profesionais que se derivaban do exercicio das correspondencias dos xornais cubanos que lle daban nese instante o principal sustento ao noso autor. Resulta evidente que Antón necesitaba estar *á la page* nas informacións que se ían

xerando nos principais centros de decisión político-económica de Galiza e do Estado, mais eses centros ficaban ben afastados da cidade do Landrove, excesivamente illada e periférica a eses efectos. Do cúmulo destes factores diversos nace, cremos, a decisión final de Antón Villar Ponte de marchar de Viveiro e establecerse, a comezos de 1912, na cidade herculina.

En todo caso, o detonante do case definitivo divorcio de A. Villar Ponte coa súa vila natal foi a traxedia acontecida en Viveiro o domingo 5 de novembro de 1911. No transcurso dunha ocupación reivindicativa do edificio do Concello por parte dos mineiros da Silvarosa, coincidindo coa celebración do acto de proclamación de candidatos ás eleccións municipais, vaise producir un tiroteo en que resultarán gravemente feridos o republicano Díaz Freijo e o comerciante Matías Nistal, e morta unha muller labrega, Clara Peón, que estaba a vender os seus queixos no mercado instalado aquela mañá na Praza. Ao mesmo tempo, os liberais, que ostentaban nese instante a alcaldía, aproveitarán a confusión resultante para faceren un “pucheirazo” en toda a regra e proclamaren concelleiros polo artigo 29 da “Ley Electoral” aos seus candidatos. A. Villar Ponte envía unha serie de crónicas sobre os sucesos a *La Voz de Galicia* que serán cuestionadas no mesmo xornal polo alcalde de Viveiro, José Marqués.

O compromiso matrimonial de A. Villar Ponte con Micaela Chao Maciñeira, de quen se tiña namorado xa na illa de Cuba, ábrele o trato co erudito ortegano Federico Maciñeira, parente da súa futura muller. A través do trato con este ilustre prócer e beneficiándose das magníficas relacións no entramado social, institucional

e político coruñés que Maciñeira tiña, Antón Villar Ponte vai ser presentado e admitido en determinados circos sociais coruñeses, influentes e poderosos, entre os que cómpre subliñar, por riba de todos, o formado por algúns dos redactores e propietarios do xornal *La Voz de Galicia*. Este contacto é absolutamente determinante, coidamos, na súa admisión definitiva na redacción do diario herculino, na primavera de 1912.

A entrada de A. Villar Ponte na redacción de *La Voz de Galicia*, ademais de significar o seu arraigamento na cidade da Coruña (que roldaba daquela os 50.000 habitantes) supuxo evidentemente a adquisición provisoria da estabilidade económica e vital necesaria para afrontar o casamento coa súa namorada, que se concretiza na Igrexa parroquial de Santa Lucía da capital herculina o 26 de abril de 1913. Ambos teñen 31 anos. Do matrimonio nacerán dous fillos, “Tonecho” e “Meliña”.

Mentres Antón traballa na redacción de *La Voz de Galicia* e pon en marcha desde o 23 de agosto de 1912 a súa célebre sección “Con letra del siete”, Ramón estuda “Filosofía y Letras” na “Universidad Central” en Madrid, tendo entre os seus profesores a Menéndez Pidal. Nas aulas de Paleografía do Conde de las Navas experimenta o orgullo de ver citados como referentes bibliográficos fundamentais da materia algún dos traballos do seu parente Federico Maciñeira¹. Nos períodos vacacionais entre 1912 a 1917, Ramón acode onda o seu irmán, domiciliado no Rego de Auga coruñés, e alí vai intimando coa irmá da súa cuñada, Teresa Chao Maciñeira, con quen acabará casando en 1919. É nesta época, no entanto,

¹ Cf. *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 271-272, Marzo de 1943, pp. 225-227.

cando ambos irmáns fican definitivamente orfos: Don Ponciano falece a comezos de xullo de 1914.

Neste período anterior á fundación das Irmandades da Fala, Ramón actúa como informante de primeira man para que seu irmán Antón redixa algunhas entregas da sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia*. Grazas ás cartas e testemuños de Ramón dá conta Antón aos seus lectores, por exemplo, no traballo “Diseción del conflicto escolar” (6.12.1913) dos actos de sabotaxe contra a empresa de tranvías madrileña realizados por un sector da estudantina a finais de 1913, a raíz do atropelamento accidental dun neno, e da posterior intervención represora da forza pública, que non fixo senón agravar e politizar o conflito. Antón Villar Ponte, nesta ocasión, condenará a actitude dos estudantes e, por extensión, a daqueles medios xornalísticos que atizaban o conflito para tirar rendemento político do mesmo:

“Disculpemos el impulsivismo pristino, por tratarse de gente joven. Lo posterior es censurable. Los estudiantes, dentro de la cátedra, en cosas del aula, en asuntos de instrucción, pueden y deben manifestarse resueltamente. Pero inmiscuirse en funciones privativas de la policía y la justicia, ya resulta absurdo (...)

Yo poseo ‘cédula personal’ que me autoriza a hablar sinceramente. Fui estudiante de Instituto y de Universidad; y por si esto fuera poco, aún tengo un hermano -que opina de completo acuerdo conmigo-, pese á su determinada característica de alumno de la Central”.

Tamén se ocupa Antón, con seu irmán Ramón como fornecedor de detalles e valorizacións, das tensas

mobilizacións universitarias que tiveron lugar en Madrid entre outubro e novembro de 1915, en protesto polo establecemento por parte do “Ministerio de Instrucción Pública” da obrigatoriedade de realización de exames de ingreso para as distintas Facultades. Aínda que apoia as demandas estudiantís, Antón non deixa de condenar no artigo intitulado “Por el mal camino” (25.11.1915) o que el mesmo denomina “tumultuaria actitud de los escolares” (rotura de mobiliario urbano, descarrilamento de tranvías, acantazamentos de persoas e edificios...), na medida en que non lle parece “el medio más oportuno y legítimo de vindicación de sus anhelos” e mesmo resulta contraproducente: “Por la fuerza, nada. Nada por el matonismo. Todo por la razón, por la persuasión, por el convencimiento”.

Ambos irmáns participan ademais, Ramón como estudante (xunto co vilalbés Manuel Peña Novo) e Antón como xornalista (xunto con Alejandro Barreiro), na campaña desenvolvida na primavera de 1912 para demandar a admisión da condesa de Pardo Bazán na Real Academia Española, daquela presidida por Pidal Mon. O 28 de xuño de 1914, Antón emprazaría desde “Con letra del siete” ao novo presidente da Corporación, o político balear Antonio Maura, a efectivizar dunha vez o ingreso da escritora galega. E aínda en senllos artigos de xaneiro e marzo de 1916, visto que non se cumprira a demanda, chegaría a solicitar do seu admirado Mariano de Cavia, xornalista aragonés, que cumprise a súa promesa de renunciar ao seu posto de académico en favor da autora de *Los pazos de Ulloa*...

Por último, non sería de estrañar que Ramón acompañase a Antón, en calidade de enviado especial de

La Voz de Galicia, nas súas visitas á “Exposición de Pintura Gallega” que se celebrou nos salóns do “Centro Galego” de Madrid entre maio e xuño de 1912.

4. Os irmáns Villar Ponte e a xestación das Irmandades da Fala

Constitúe case unha obviedade afirmar que as figuras de Antón e Ramón Villar Ponte teñen que ocupar un lugar destacadísimo en toda historia que se faga do noso país pola súa decisiva participación na fundación e expansión das Irmandades da Fala, organización ou movemento que constitúe o punto de arranque do nacionalismo galego contemporáneo. Os esforzos por divulgar o novo ideario de afirmación colectiva galega, por darlle expresión organizativa e por orientar a opinión pública en sentido galeguizante, desde as páxinas da prensa, desde os libros, desde as tribunas públicas e desde a propia conduta persoal, marcarán invariabelmente as traxectorias cívicas e humanas dos dous irmáns.

Segundo indicou o propio Antón Villar Ponte con motivo do segundo aniversario do nacemento da entidade, non foi el senón seu irmán Ramón quen tivo concretamente a idea de fundar unhas Irmandades da Fala: “O iniciador d’elas foi Ramón Villar Ponte, irmán meu. A iniciativa súa recollinna eu e leveina a un folleto”². No entanto Ramón, por modestia, por render homenaxe a seu irmán, ou por ambas razóns ao mesmo tempo, negou este extremo no seu discurso de ingreso na Academia Galega (1951), cualificando a Antón como “pai feliz da idea”. O máis probábel é que fosen ambos ao unísono,

² Cf. VILLAR PONTE, A.: “¡Adiante! O Segundo Aniversario da Fundazón das Irmandades”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 56, 30.5.1918.

“en palabras íntimas”³ como dixo Antón evocando aquel momento, os que alumeasen o proxecto.

Entre 1914 e 1916, Antón e Ramón conciben a idea que finalmente cobrará corpo co nome de Irmandades da Fala. Os dous irmáns analizan fenómenos como o estado de prostración e marxinación da lingua galega, o atraso económico e a febleza política dunha Galiza dominada por caciques e deputados *cuneros*, a parálise e desvirtuadora deriva da Academia Galega (aínda presidida por Murguía, repárese), a inviabilidade e ocaso mobilizador do agrarismo basilista, o auxe do movemento catalanista, o agudizamento da loita independentista irlandesa (“Levantamento de Pascua”, abril de 1916), o espertar nacionalitario mundial á calor da Grande Guerra, da doutrina do presidente norteamericano Wilson e do principio da libre determinación dos pobos instaurado na nacente Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, etc.

Desas análises, os irmáns Villar Ponte tiran algunhas conclusións apremiantes. Galiza tiña unha posición e un carácter marxinal no deseño e nas directrices de desenvolvemento do Estado español, que cumpría modificar; as políticas oficiais resultaban lesivas para os intereses galegos; o caciquismo e a falta de espírito cívico na poboación galega eran produtos do centralismo e provocaban unha falta de auténtica representación política dos intereses do país nas diversas institucións; a reivindicación da lingua e da cultura propias, daquela esquecidas ou desprezadas, facíase imprescindible para o rexurdir da personalidade galega; etc.

³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Apuntes para a nosa historia contemporánea. O loitador inesquecente”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 21, 15.10.1930.

O propio Antón retrataría con potente trazo o lamentábel estado de cousas existente na Galiza no instante en que concibe con seu irmán Ramón a idea dunha nova organización:

“Antes do ano dazasete, o sentimento da galegitude ficaba cáseque totalmente esmorecido na nosa terra. A nosa lingua, a nosa lírica, as cousas da nosa Historia eran estudadas e tratadas por algúns, moi poucos, galegos, como feitos arqueolóxicos. Unha erudición fría falaba das características raciaes dun xeito ouxetivo; tal que Galiza fose un planeta morto e lonxano. Facíanse inventarios do pretérito sin emoción algunha, agás en contadísimos conterraneos. As catro provincias en que nos escindiu o centralismo vivían a vida administrativa hespañola, desvencelladas as unhas das outras sin sentiren xa a máis pequena saudade da vella unidá galega. E os poboadores das mesmas -adrede escribo poboadores e non moradores, porque os moradores supoñen o conecito de adhesión íntima ós costumes do chan nativo- trocados en sinxelos habitantes dun territorio, que deixara de ser un país con alma, en loita suicida co seu propio ser, tiñan a Madrí polo seu único meridiano inteleitual, *moral* e artístico (...)

Pois ben; entón apenas ningún home culto da nosa terra emocionábase miga coas cousas enxebres. Polo contrario, adoitaban ollarse con indiferencia cando non con desprezo, coidándoas inferiores ás do resto de Hespaña. A rexa colonización castelá chegara a infundir na maoría dos nosos paisanos o presentimento vergoñoso da propia autoinferioridade, que inda hoxe custa caro desbotar dalgúns”⁴.

E o propio Ramón explicaría que foi xustamente nesa altura cando el e seu irmán Antón consideraron que se tornara absolutamente preciso

⁴ *Ibidem*.

“(…) levar a cabo, sen perda de tempo, unha laboura tenaz de recobro integral do propio verbo (…) pôr remate ao aguniar lento, pro continuo, de aquela lingua, a nosa, que tendo condicións pra sere o instrumento axeitado da revalorización e recreación de un pobo, paseniño se amorecía, adulteiraba i-era suprantada, antramentes que a persoalidade de qu’era verbo natural d’eispresión andaba a arrastrare unha vida amorfa”⁵.

As conclusións desas conversas de irmáns irán pasando paulatinamente á letra de molde da man de Antón en xornais cubanos como o *Diario de la Marina*, en revistas madrileñas como *España*, en rotativos herculinos como *La Voz de Galicia*, *El Ciudadano* e *El Pirulí*, en publicacións da bisbarra ferrolá como *La Voz de la Liga*, *Ecos del Eume* e *El Faro de Ferrol* e mais en diversos actos públicos, como a asemblea pró-ferrocarril da Costa celebrada no Ferrol en xullo de 1915, nos que o de Viveiro participa en calidade de presidente da “Asociación de Prensa” coruñesa, cargo para o que foi electo en xaneiro dese mesmo ano.

Como culminación desas propagandas, Antón Villar Ponte tira do prelo na “Tipografía Obrera” coruñesa, o 21 de marzo de 1916, unha primeira edición do folleto intitulado *Nacionalismo gallego. Nuestra ‘afirmación’ regional*. Segundo indica a súa portada, trátase duns “apuntes para un libro”, que retoman, no fundamental, argumentos e mesmo parágrafos literais de varios dos artigos aparecidos previamente nas páxinas

⁵ Cf. VILLAR PONTE, Ramón: *A Xeración do 16 (Discurso lido o día 16 de xuño do 1951 na súa recepción)*, Real Academia Galega, A Coruña, 1977, p.12.

do xornal *La Voz de Galicia*, especialmente na sección “Con letra del siete”⁶, sobre a problemática situación que atravesaba o idioma galego e a necesidade de emprender de inmediato un labor de defensa e potenciación do seu uso como paso previo ao rexurdir económico, social e político da Galiza.

Pouco tempo despois, concretamente en maio de 1916, aparece unha nova edición, en formato libro e cunha *Addenda* titulada “Índice de Fe. Algunhas opinións e xuicios”⁷, que recolle os fragmentos máis significativos daquelas cartas, artigos, comentarios ou recensións que a publicación do seu folleto tiña suscitado na prensa e nos medios intelectuais galegos. Segundo informa Ramón Villar Ponte, foi esta unha edición “que a empresa de *La Voz* xentilmente regalou ao seu autor”⁸.

As propagandas villarpontinas son acollidas con interese e apoiadas, inicialmente, por tres núcleos intelectuais distintos: o dos redactores do xornal *La Voz de Galicia* (Alejandro Barreiro, Robustiano Faginas...), o dos impulsores da revista *Estudios Gallegos* en Madrid

⁶ Son estes, fundamentalmente, os intitulados “Una Cátedra en Madrid” (6.7.1913); “Por nuestro renacimiento literario” (7.4.1914); “Ni un solo periódico gallego” (3.5.1914); “En los umbrales de un problema. El gallego no debe morir” (9.5.1914); “Reivindicación difícil” (11.11.1914); “El catalanismo de un arzobispo” (26.5.1915); “Lo real inverosímil” (29.5.1915); “Por el idioma catalán” (2.12.1915); “Por Cataluña y por Galicia” (11.12.1915); “Al margen de una encuesta” (8.1.1916); e, por último, “El cimiento de la afirmación gallega” (5.2.1916).

⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*, Impr. de *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2ª ed., 1916, pp. 69-90.

⁸ Vide VILLAR PONTE, R.: *A xeración do 16*, op. cit., p. 19.

(Rodrigo Sanz, Porteiro Garea, Aurelio Ribalta...) e, finalmente, o dos rexionalistas liberais coruñeses, antigos impulsores da “Solidaridad” e destacados membros da Academia (Lugrís Freire, Carré Aldao, Francisco Tettamancy, Vaamonde Lores...). Pola contra, a desafección inicial do agrario-basilismo cara ás nacentes Irmandades acabou derivando axiña en desencontro e hostilidade mutuas.

O acto fundacional das Irmandades da Fala celebrouse, como é sabido, o 18 de maio de 1916, no local que a Academia Galega tiña entón na cidade da Coruña. Ramón e Antón acoden con Micaela Chao Maciñeira (única muller presente na xuntanza) e o irmán pequeno desta, Antonio Chao. Nesa xuntanza, logo dunhas palabras de saúdo de Antón Villar Ponte e dun discurso de Lugrís Freire, discutíronse e aprobáronse “con gran entusiasmo”, a dicir do cronista de *La Voz de Galicia*, os primeiros Estatutos da nova entidade, que recibía a denominación de “Os Amigos da Fala Gallega” [sic] e que declaraba como obxectivo fundamental espertar, mediante o seu uso oral e escrito, a “afición e amor dos fillos de Galicia” cara a ela. Antón Villar Ponte foi elixido Conselleiro Primeiro, entanto Ramón ficaba como simple asociado de base...

**5. Despregamento dun constante
labor proselitista e afrontamento das
primeiras escisións nas Irmandades**

As nacentes Irmandades, encerrando unha enorme pluralidade ideolóxica interna⁹, despregaron os seus labores nunha dupla dirección ou cun duplo obxectivo:

- 1) Implantárense no tecido social (mediante a penetración no agrarismo e nas capas medias urbanas, o despregamento dun intenso labor cultural e a edición de prensa propia), expandírense pola xeografía galega (entre 1916 e 1918 naceron unha vintena de agrupacións locais, das que as máis relevantes foron Coruña, Ferrol, Betanzos e Ourense) e tentaren lograr representación institucional (alianza coa “Lliga” de Cambó de cara ás lexislativas de febreiro de 1918, presentación de candidaturas en diversos municipios nos anos seguintes). Este labor de implantación levouse a cabo no medio da agresividade de determinados segmentos sociais (a práctica totalidade da clase política tur-

⁹ Os profesores Beramendi e Núñez Seixas aluden á existencia de dúas grandes correntes ou tendencias ideolóxicas dominantes no seo das Irmandades da Fala: unha **neotradicionalista**, representada por figuras como Vicente Risco, Otero Pedraio e Losada Diéguez; e outra **liberal-democrática**, na que se inscribirían Antón Villar Ponte, Peña Novo, Porteiro Garea, Xoán V. Viqueira, Vitor Casas, etc. Ao lado destas rexistráranse dúas tendencias máis, aínda que secundarias: a **arredista**, representada fundamentalmente por Álvaro das Casas e pola “Sociedade Nazionalista Pondal” de Buenos Aires; e a **socializante**, encarnada por figuras como Xaime Quintanilla, Ramón Suárez Picallo ou Xoán Xesús González. (Vide BERAMENDI, Justo G. e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel: *O nacionalismo galego*, Ed. A Nosa Terra, Col. Historia de Galicia, nº 18, Vigo, 1995, pp. 99-122).

nista e aínda do obreirismo e de sectores do agrarismo, o estamento eclesial, boa parte dos medios de comunicación impresos, etc.) e non sen fortes debates e contradicións no seu seo, que acabaron significando sucesivas escisións: a dos redactores de *La Voz de Galicia*, partidarios dun *regionalismo sano y bien* entendido, xa no propio 1916; a do sector rexionalista liderado por Rodrigo Sanz e Antón Valcárcel, tralo fracaso electoral de febreiro de 1918; a división entre “políticos” e “apostólicos”, que ficará consagrada orgánicamente en 1922 co nacemento da ING...

- 2) Elaboraren un discurso “alternativo”, que colocou o uso constante do idioma propio e a consideración nacionalitaria da Galiza como cernes cardinais de toda acción cultural, cívica e política. A superación política e ideolóxica do estadio “rexionalista” pode situarse na Asemblea e Manifesto de Lugo (novembro de 1918). Dúas son as obras, basicamente, que tentaron responder a esta necesidade: a *Teoría do nacionalismo* (1920), de Vicente Risco, e máis a *Doctrina nazonalista* (1921), de Ramón Villar Ponte. Non obstante, a maior difusión do ideario realizouse, no día a día, quer a través de mitins e conferencias, quer a través dos artigos na prensa, tanto propia (*A Nosa Terra*, fundamentalmente, mais tamén o boletín *Galicia*, de Ferrol; *O Tío Marcos da Portela*, de Ourense (3ª xeira); *Rexurdimento*, de Betanzos; *Terra Galega*, de Santiago; *A Xusticia*, de Vilalba; *Heraldo de Arosa*, de Vilagarcía...), como non vinculada directamente ás Irmandades ou mesmo completamente allea (*La Voz de Galicia*, da Coruña; *Galicia*, de Vigo; *La Idea Moderna*, de Lugo; *El Noroeste*, da Coruña; *El Emigrado*, da Estrada, etc.). Será nesta perspecti-

va que cumpra valorizar o papel xogado por Antón Villar Ponte, que se converterá no grande divulgador e no esmerado aplicador ao cotián das construcións teóricas máis requintadas, compactas e sistemáticas de Vicente Risco e do seu propio irmán Ramón.

Tanto desde unha perspectiva como de outra, o papel dos irmáns Villar Ponte resulta autenticamente imprescindible. Ambos exercen, con efecto, o papel de doutrinarios, de teóricos do novo movemento. A maioría dos seus artigos desta época en *A Nosa Terra* (e aínda noutros cabezallos) poñen en destaque a importancia do idioma como signo distintivo do novo movemento, critican o centralismo unitarista e o imperialismo asimilista, poñen en solfa a actitude dos representantes dos distritos galegos nas Cortes españolas, atacan o mal do localismo, reclaman o reinicio das obras do ferrocarril da Costa e outras medidas favorecedoras para a economía galega, aplauden os avances do catalanismo e esculcan a realidade europea e mesmo mundial, marcada pola Grande Guerra e polo Tratado de Versalles, á procura de feitos e actitudes das pequenas nacionalidades asoballadas que sirvan de exemplo na loita emancipatoria galega. Antón prepara, aínda que non chega a editar como tal, o opúsculo *Discursos á nación galega*, de claras reminiscencias fichteanas, entanto Ramón dispón os materiais que dan contido ao volume *Doctrina Nazonalista* (1921).

Coa colaboración de moitos outros (Blanco Torres, Xaime Quintanilla, Ricardo Carballal, Banet Fontenla, Porteiro Garea, Xoán V. Viqueira...), entre os que hai que contar a seu irmán Ramón, Antón Villar Ponte imprimelle a *A Nosa Terra* un ton de combatividade e

acometividade cada vez maior, vertebrando os contidos do “idearium” en dous eixos básicos: o político e o, *latu sensu*, cultural. No primeiro habería que situar toda a información que se recolle no boletín sobre a marcha e actividades das propias Irmandades; o constante pendor editorializante, clarificador e teorizante dos artigos sobre a cuestión nacional (debate rexionalismo vs. nacionalismo, accidentalismo, papel do idioma, etc.); as críticas ao entramado caciquil e turnista da Restauración e aos seus prebostes e testaferros: e, por último, as sucesivas campañas contra segmentos socio-políticos, publicacións, entidades ou persoeiros que amosaban hostilidade cara ás Irmandades e cara ás súas reivindicacións. No segundo eixo integrárase a constante abordaxe da *questione della lingua* (debate normativizador nas súas páxinas, defensa da dignidade e capacidade do idioma, demanda de novos usos, etc.) e o decidido apoio a toda manifestación artística (pictórica, escultórica, teatral, musical, literaria...) feita en clave galega.

No plano organizativo, se destacado é o de Antón na expansión inicial das Irmandades, pois súa é a iniciativa principal nos contactos cos cabezaleiros de novos agrupamentos (Xaime Quintanilla, no Ferrol; Porteiro Garea, en Santiago; etc.), súa é a confección de numerosos artigos glosadores dos fins e das ideas do novo movemento e seu é, igualmente, o exercicio da dirección fáctica de *A Nosa Terra* (lémbrese que durante os primeiros números a dirección recaeu formalmente na persoa de Xosé Iglesias Roura), non menos destacado é o de Ramón na consolidación da estrutura do agrupamento herculino, na implantación do movemento en novas áreas da provincia de Lugo (Muras, Viveiro) e na posta en marcha e confección do citado boletín. Ambos os dous

irmáns participan, ademais, como oradores nos importantes mitins de Lugo (28.1.1917), Ferrol (11.2.1917) e Santiago (13.5.1917).

De igual maneira, se Antón é Conselleiro Primeiro da Irmandade coruñesa (até abril de 1918), Ramón fai parte do “Comité de Acción Galeguista” creado na Coruña en xaneiro de 1917, cando a Irmandade ven de perder a colaboración do sector vinculado a *La Voz de Galicia*, partidario dun *regionalismo sano y bien entendido*, e comeza a transitar decididamente o camiño da intervención política. A finais de maio, en recompensa a un intenso labor ben feito, o menor dos Villar Ponte é designado vocal directivo da Irmandade herculina.

Ademais, Ramón e Antón fan parte da delegación das Irmandades da Fala que viaxa a Cataluña nos finais de 1917, concretamente do 25 de novembro ao 4 de decembro, coa finalidade de asinar un pacto de colaboración coa “Lliga” de Francesc Cambó de cara ás lexislativas do 24 de febreiro de 1918. Con todo, o papel de Ramón nesta visita é moi discreto (é dos poucos que non intervén en ningún acto público ou conferencia), a diferenza do de Antón, quen non só inaugura o ciclo de charlas da delegación galeguista coa intitulada “A evolución do noso rexionalismo” (pronunciada no local da “Lliga” en Barcelona o día 26 de novembro), senón que, na compañía da súa dona Micaela, recibe tamén no “Palau de la Música Catalana”, na noite do 1 de decembro, unha enorme ovación como cabezaleiro da expedición galeguista...

Selado o pacto cos catalanistas, as Irmandades encaron a campaña electoral das lexislativas de febreiro de 1918 con grandes esperanzas e renovados

medios, aínda que afrontando unha hostilidade sen precedentes, por veces feroz, que procedía tanto de sectores obreiristas, como do republicanismo lerrouxista, como dos partidos do *turno*. Nese contexto prodúcese o abandono do xornal *La Voz de Galicia* por parte de Antón Villar Ponte (xaneiro de 1918) e o seu acceso á dirección fáctica (a nominal recaía en Rodrigo Sanz), do xornal herculino *El Noroeste*, adquirido para a ocasión cos cartos da “Lliga” e as xestións de Pere Muntañola.

A peripecia de Antón á fronte do diario herculino *El Noroeste* resúmese en dúas fases. Unha primeira, que iría desde febreiro a xuño de 1918, foi de medios moi precarios pero grande combatividade e espírito nacionalista, usando abundantemente o idioma galego nas súas planas, dando calor ás candidaturas das Irmandades, atacando á prensa contraria e destapando mediante sucesivas campañas algunhas das miserias e escándalos da política caciquil na Galiza, o que lle valeu a Antón Villar Ponte e a Xaime Quintanilla a aplicación da “Ley de Jurisdicciones”. Todo isto cun ritmo frenético de traballo que levaba ao de Viveiro a escribir, segundo propia confesión¹⁰, até seis e sete artigos diarios...

Nunha segunda fase, desde xuño a agosto de 1918, coartado polo consello de administración do xornal, Antón Villar Ponte vese obrigado a depoñer a combatividade, moderar o ton das campañas, mitigar o pendor nacionalista do cabezallo, reducir a presenza do galego... Isto até que non atura máis e, tras protagonizar coa

¹⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Para celebrar mis bodas de plata con la prensa. Una inteviu conmigo mismo”, *Galicia*, Vigo, nº 514, 20.5.1924.

axuda de boa parte da redacción un plante en sinal de protesto, abandona con portazo o xornal, desenvolvendo a seguir nalgúns medios de prensa un polémico cruce de cartas e acusacións cos seus propietarios.

Canto ás eleccións legislativas de 1918, sabido é que constituíron un rotundo fracaso para as Irmandades, pois nin un só dos candidatos que presentaban ou apoiaban (Porteiro Garea, en Celanova; Rodrigo Sanz, en Pontedeume; Leopoldo Cal, no Ferrol; Losada Diéguez, na Estrada; Francisco Vázquez Enríquez, en Noia; Antón Valcárcel, na Coruña; Calvo Sotelo, no Carballiño) resultou eleito. Este resultado fixo madurecer en moitos militantes a idea (cada vez máis sentida e futura bandeira da abstencionista ING) de que non era participando no podre entramado electoral-institucional español como o nacionalismo galego ía gañar batallas. Xa con anterioridade ao propio día das votacións, Ramón Villar Ponte advertira desde *A Nosa Terra*, no traballo “Verbes i consideraciós” (nº 45, 10.2.1918), contra unha posíbel decepción na hipótese duns resultados como os que finalmente se colleitaron, expondo a súa idea do nacionalismo como algo máis que un partido “recada-votos” e substanciando a teoría de que os ritmos de penetración do galeguismo na sociedade non tiñan por que depender de, nin moito menos ser coincidentes con, as convocatorias e resultados electorais...

A Irmandade herculina foi o epicentro dun terremoto político que acabou en ruptura da organización e favoreceu o seu decantamento definitivamente nacionalista. Son varias as causas dese terremoto: a actitude de dependencia ou submisión que algúns sectores da Irmandade amosaban a respecto da “Lliga” catalá (par-

tido que fai parte do goberno de “concentración” español a partir de marzo de 1918); a preterición de Antón Villar Ponte como candidato nas lexislativas de febreiro polo distrito coruñés en favor de Antón Valcárcel; as contradicións entre os partidarios da definición “nacionalista” das Irmandades e os que se sentían cómodos coa etiqueta “rexionalista”; os acontecementos vividos no seo do xornal *El Noroeste* (expulsión de Lois Peña Novo, atemperamento da liña editorial inducido polos accionistas cataláns maioritarios, renuncia de Antón Villar Ponte á dirección fáctica do cabezallo, en agosto de 1918, perante os atrancos e limitacións que se lle impuñan...). A unha banda situáronse os rexionalistas, como Rodrigo Sanz, Antón Valcárcel, Aurelio Ribalta, Eladio Rodríguez, Ricardo Carballal e Iglesias Roura. A outra, os nacionalistas, quer “progresistas” como Viqueira, Quintanilla, Porteiro, Antón e Ramón Villar Ponte, quer “conservadores” como Banet Fontenla, Losada Diéguez, Risco e Otero Pedraio.

Será este último sector o que, ademais de finiquitar o pacto coa “Lliga”, convoque e realice en novembro de 1918 a Asemblea de Lugo, en que se discute e aproba o “Manifesto” que consagra o “nacionalismo” como sinal de identidade política das Irmandades. Antón e Ramón toman parte activa nos debates e asinan o documento.

**6. Pangaleguismo, radicalización
ideolóxica e unha empresa xornalística
en común**

A sintonía ideolóxica e política que os Villar Ponte amosaron na crise das Irmandades de 1918 continúa após a transcendental asemblea luguesa, por máis que a instalación en Viveiro de Ramón, en 1919, interrompa a convivencia física dos irmáns. Na vila do Landrove, Ramón traballa como profesor de pasantía, fai numerosas lecturas, casa con Teresa Chao Maciñeira e anima unha relativamente nutrida Irmandade da Fala. Pola súa vez, Antón continúa dirixindo *A Nosa Terra*, envía colaboracións a distintos xornais sen facer parte de ningunha redacción estábel, atende as correspondencias para a prensa cubana, anima na Coruña a aventura do “Conservatorio Nazonal do Arte Gallego” da Irmandade local, escribe teatro (*Entre dous abismos*, *Almas mortas*, *O Mariscal*), fai traducións (Shakespeare, Molière, Aristófanes, Strindberg, Yeats...), etc.

Ambos fan parte, en outubro de 1920, do reducido grupo de promotores do boletín ourensán *Nós* e contribúen economicamente con cen pesetas daquela época, en calidade de accionistas da “Sociedade Galega de Publicacións Nós”, para a súa posta en marcha e sostemento. Os dous Villar Ponte figurarán desde o segundo número na nómina de colaboradores, achegando diversos traballos nesta primeira xeira do boletín, que se interromperá en xullo de 1923.

Desde a Asemblea de Lugo (novembro de 1918) o pensamento dos Villar Ponte experimenta ao unísono

unha profunda radicalización en sentido nacionalista e unha marcada viraxe en sentido filo-lusitanista. Son posicionamentos e actitudes que Antón baptiza co expresivo nome de “Pangaleguismo” e que seu irmán Ramón explica así:

“Galicia que, de momento pol-o menos, debe o seu despertar ao exemplo e a influencia de Cataluña, escomenza xa a decatarse de que máis alá do Miño eisiste un pobo no que bulen algo máis qu’as semellanzas d’unha vecindade moi preta. Galicia empeza a sabere que n-aquelas terras mora un pobo d’irmáns que soio o capricho e as fatales ironías da sorte, puideron faguer eistranxeiros sin selo. E sabendo todo isto, e decatándose de todo isto é pol-o que o galeguismo vai orientando a su[a] autuazón coa mirada posta en Portugal.

Y-eisí o galeguismo pensa, non solamente en facer unha obra de reivindicazón e de xustiza, sinón tamén na minsión trascendental qu’a Galicia lle está encomendada pol-a poderosísima razón da sua innegabre irmandade coa veciña Lusitania.

A nosa patria, pois, ten antre total-as terras ibéricas a minsión mais outa, mais escollida, mais honrosa qu’exercer. Ela, e soio ela, é a chamada a servir de base d’acoplamento, de vertebrazón do Estado portugués ós difrentes estados peninsuares, antre eles Galicia, que teñen de compór o futuro Super-estado (Estado de estados) Ibérico”¹¹.

O autor de *Almas mortas*, a quen o profesor Villares Paz considera “verdadeiro paladín deste lusita-

¹¹ Cf. VILLAR PONTE, R.: “Fixando puntos. A grande minsión [sic] galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 69, 15.10.1918.

nismo no seo do nacionalismo galego”¹², incide no proceso mediante iniciativas de diversa índole: a publicación dalgúns artigos no xornal *El Noroeste* sobre o relacionamento galaico-portugués; a posta en marcha de contactos persoais e epistolares con membros da intelectualidade lusitana como Teixeira de Pascoaes; as xestións diante do libreiro de orixe catalá Cué para que ofertase ao público lector herculino libros en portugués¹³; ou, finalmente, a inclusión de pezas teatrais de autores de alén-Miño (Mezquita, Selvagem...) no repertorio do nacente “Conservatorio Nazonal” da Irmandade da Fala coruñesa. Resucitando as vellas perspectivas iberistas que caracterizaran unha parte do republicanismo federal en que el propio se tiña formado ideoloxicamente durante a adolescencia, sinalará Antón: “La clave de una grande Iberia del porvenir ó está en Galicia, en la Galicia que quieren las *Irmandades* ó no está en parte alguna”¹⁴.

O interese desta aproximación galega a Portugal que propugnan agora os irmáns Villar Ponte, e con eles as propias Irmandades, non se circunscribe en todo caso ao plano político, senón que visa tamén outros como o científico, o económico, o lexislativo, o cultural e o lingüístico. Non é casual, neste sentido, que este xiro das Irmandades coincida coa exposición en *A Nosa Terra* das propostas ortográficas etimoloxistas de Xoán V.

¹² Vide VILLARES PAZ, Ramón: “As relacións da Galiza con Portugal na época contemporánea”, *Grial*, Vigo, nº 81, Tomo XXI, Xullo-Agosto-Setembro de 1984, p. 309.

¹³ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 70, 25.10.1918.

¹⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Jornadas. Portugal y Galicia”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. 1918. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 1.

Viqueira (cun intento fracasado de implantalas nas súas páxinas), coa constitución de grupos de simpatizantes das Irmandades en Porto e Lisboa ou co incremento na inclusión de textos de autores lusitanos (Eça de Queiroz, especialmente, mais tamén Guerra Junqueiro e outros) no decenario nacionalista. A nova orientación plasmaríase en toda a súa intensidade durante as sesións da 1ª Asemblea Nacionalista, mesmo a nivel simbólico¹⁵.

Antón Villar Ponte expuxo precisamente no transcurso desa xuntanza unha proposición dirixida á “Academia de Ciencias” portuguesa e intitulada “Pangaleguismo. O camiño dereito”¹⁶, da que cómpre salientar varios axiomas: a consideración da efectiva independencia política portuguesa como baluarte da independencia espiritual do pobo galego (“Namentras Portugal exista como nación independente, Galicia non perderá endexa-mais as esencias dunha personalidade propia, que, esvaída ou non, sempre terán [sic] virtude xermoladora dun senso irredentista”); a consideración do idioma portugués “como o galego nazonalizado e modernizado” e o compromiso de difusión e coñecemento entre os propios galegos da literatura portuguesa, “prova suprema e fecunda de que no noso idioma pode e debe facerse nosa cultura”; a consideración da Galiza como peza clave na unión ibérica, baixo a fórmula republicano-federal, partindo da base de que “con Portugal forma nación completa, tallada pol-o fata-

¹⁵ Os concorrentes adoptaron o acordo de interpretar tamén a estrofa “A nobre Lusitania / os brazos tende amigos...”, do poema “Os Pinos” de Pondal”, cada vez que se entonase o himno galego.

¹⁶ Cf. “Pangaleguismo. O camiño dereito”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 78, 15.1.1919.

lismo histórico”; a reivindicación dun réxime de autonomía integral para Galiza (“tan fonda que reuna todas as características de verdadeira independencia”) no seo do Estado español, réxime que supuxese a entrada en vigor de determinados artigos do Código civil luso entre nós, a posibilidade de establecemento de tratados comerciais bilaterais galaico-portugueses, a creación dun organismo cultural común, a reciprocidade dos títulos académicos obtidos a ambas marxes do Miño, etc.; e, finalmente, o apelo ao goberno portugués para que se fixese eco dos desexos galegos de autonomía integral nos foros internacionais (“Conferencia de Paz”, “Liga das Nacións”...).

Xunto con esta apertura cara a Portugal, o pensamento dos irmáns Villar Ponte experimenta, como dixemos, unha clara radicalización en sentido nacionalista, entendendo por tal non unha maior insistencia no carácter nacionalitario da Galiza (cuestión teórica para eles resolta mesmo con anterioridade á fundación das Irmandades), senón unha maior énfase na definición e exemplificación do vínculo opresor que con Galiza establecía ao seu ver o Estado español, na denuncia do maltrato que este daba á economía, á cultura e á lingua galegas e, finalmente, na afirmación da necesidade, como reacción, dunha actitude máis combativa, iconoclasta e reivindicativa, menos verbalista e máis eficaz na destrución do *statu quo* vigorante e na reformulación política do propio Estado. Esta radicalización de que falamos é moi patente nos artigos teóricos que tanto Ramón como Antón dan a lume nas páxinas de *A Nosa Terra* nesta época.

Ramón, por exemplo, reclama o 5 de maio de 1919 (nº 99) “Verbas non, feitos” e propón responder aos ata-

ques e aldraxes do centralismo con guerra a morte, cruel se facía falta. O 5 de outubro de 1920 (nº 130-131), en “A millor porpaganda”, esixe que a propagan- da galeguista sexa sinxela, clara, feita con afán vulga- rizador e que se centre na denuncia das aldraxes pre- sentes e pasadas de que é e foi obxecto Galiza, para espertar así no pobo unha xusta raiba e un lexítimo desexo de vinganza restitutoria da dignidade... O 10 de agosto de 1920 (nº 125), no traballo “Falemos con cra- ridade”, advirte a algúns dos seus correlixionarios que non había que xustificarse constantemente nin facerse perdoar por profesar o credo nacionalista galego, senón actuar sen complexos, con orgullo e con decisión... O 25 de setembro de 1920 (nº 128), Ramón confésase parti- dario de pór fin á política de proselitismo contempori- zador no tema da lingua, pois “deslindeirados e ben deslindeirados como están os campos; conecidos de todos, *os bós e xenerosos*; esgotados até o maior dos eis- tremos todol-os procedimentos de atraición, nada hai que indique xa a comenza de seguire sendo transi- tentes e respetosos”. O 5 de novembro de 1920 (nº 130- 131), no artigo “Verba qu’obriga a moito”, adoutrina sobre as obrigas inherentes a quen se declare naciona- lista galego: disposición a un apostolado constante, exercicio da irmandade, planificación das accións colectivas, firmeza no ideal, inflexibilidade e intransi- xencia perante os inimigos do país, disposición a todas as renuncias en ben da Causa... Como culminación desta espiral de radicalización no seu pensamento, o 31 de maio de 1921 (nº 141) publica o artigo intitulado “Sinxela e francamente. Eu son arredista”, ao que segue o 1 de agosto de 1921 o intitulado “Hay que sere arredistas” (nº 145). Ambos falan, desde o título, da alternativa política que lle resultaba máis atractiva e

que consideraba máis útil o menor dos Villar Ponte nesa altura...

Pola súa vez, Antón proclama no artigo “O noso voto espricado en verbas quentes” (*A Nosa Terra*, nº 90, 25.5.1919) que Galiza está convertida nun “territorio escravo” e nunha “vil colonia do Centro” que só sabe de “esquecementos, aldraxes e colonizaciós”. En “A derradeira farsada eleitoral” (nº 91, 5.6.1919) declara que a única forza política non lixada na lameira turnista, *cunera* e caciquil na Galiza é o nacionalismo. En “Decatádevos do qu’é o Nazonalismo galego” (nº 107, 5.12.1919) asevera que aquel é unha forza “indestrutibre e destrutora, tolerante pra todas as ideas nobres, amiga de todos os xeitos progresivos e intolerante só prós que conscente ou inconscientemente opóñense á libertade do noso chan e do noso espírito”.

O amentado proceso de radicalización é froito de circunstancias moi diversas. Por unha banda, resposta á consciencia dos agudos extremos de descomposición, corrupción e insinceridade electoral a que chegara o entramado político monárquico e restauracionista. Non pouco influxo ten neste sentido, particularmente no aumento do cepticismo dos irmáns Villar Ponte a respecto da vía electoral para a transformación do *statu quo*, o fracaso colleitado por Antón como candidato polo Distrito Primeiro nas eleccións municipais herculinas de febreiro de 1920, as mesmas que consagraron a Lois Peña Novo como primeiro concelleiro nacionalista galego da Historia... Por outra, non debe ignorarse o impacto emocional de acontecementos tráxicos como a matanza de Sofán (febreiro de 1919), reveladores, dalgún xeito, da cerrazón duns gobernantes dispostos a masacrar á

populación revoltada antes de facer a máis mínima concesión ás súas demandas.

Actúa tamén na mesma dirección radicalizadora a frustración das esperanzas sobre unha recomposición mundial baseada no respecto ás pequenas nacionalidades que espertaran a “doutrina Wilson” e o final da Grande Guerra. A todo isto hai que unir a indesimulada admiración de ambos irmáns pola loita do pobo irlandés, de candente actualidade nese instante, admiración que se poñerá de manifesto en varios traballos publicados tanto no xornal *A Nosa Terra* como no boletín *Nós*.

No período previo á escisión consagrada na Asemblea de Monforte (febreiro de 1922), un dos episodios que tal vez deixan máis ás claras a sintonía “alén do sangue” que existiu entre os irmáns Villar Ponte é aquel que se produciu en 1921 con motivo da fichaxe de ambos para a redacción do xornal ferrolán *El Correo Gallego*.

Antón deslocouse o 18 de xullo do citado ano á cidade departamental para negociar facerse cargo da dirección do diario *El Correo Gallego*, propiedade dos irmáns Barcón Orta. Por motivos que descoñecemos, non foi finalmente el senón seu irmán Ramón quen asumiu ese posto, que exerceu desde o día seguinte, 19 de xullo, até o 3 de decembro do propio 1921, coa inestimábel axuda de Xaime Quintanilla e do propio Antón, quen escribiu varios artigos soltos, algunhas “Apostillas estivales” e unha sección intitulada “Una cuartilla”. O nomeamento como director de Ramón é un tanto sorprendente se temos en conta o seu parco currículo, cando menos en comparación co do seu irmán, nas tare-

fas xornalísticas, mais o certo é que a empresa puña nel grandes esperanzas, como testemuña o seguinte texto:

“Desde hoy es Director de EL CORREO GALLEGO el culto escritor D. Ramón Villar Ponte.

El Sr. Villar Ponte, en plena juventud, viene a esta casa con todo el entusiasmo y dispuesto a poner al servicio de los lectores su ya comprobada pericia profesional.

No queremos echar mano de los adjetivos y los diti-rambos. La futura labor de D. Ramón Villar Ponte en EL CORREO GALLEGO, que seguramente ha de superar nuestras esperanzas, nos exime de decir lo que muy en breve, todos tendremos ocasión de comprobar.

Sea bien venido el Sr. Villar Ponte a esta casa, en donde desde hoy tiene unos fraternales amigos, y a este pueblo, en el que seguramente contará bien pronto numerosas simpatías”¹⁷.

Nunha carta a Fermín F. Penzol, datada en Ferrol a 4 de outubro de 1921, explicaba Ramón a orientación que tentaba imprimirlle a *El Correo Gallego* con estas palabras:

“Inda que o xornal que dirixo é un xornal de propiedade de xentes que son como a maoría das que constituen a poboación galega de hoxe -e vostede ben me enxergará- eu, emporiso, faigo por inocularlle todo o meu virus nazonalista galaico, feramente i-escrusivamente galaico”¹⁸.

¹⁷ Cf. “Nuestro Director”, *El Correo Gallego*, O Ferrol, nº 15.568, 19.7.1921.

¹⁸ Cf. [PENZOL, Fermín]: “Documentación epistolar”, *Grial*, Vigo, nº 73, Xullo-Agosto-Setembro de 1981, p. 309.

Tería sido precisamente esta orientación nacionalista a causa última do seu cesamento, unida, iso si, ás presións directas sobre os propietarios por parte dun estamento militar molesto co tratamento dado en *El Correo Gallego* ao tema das responsabilidades derivadas do chamado “desastre de Annual” (xuño de 1921)¹⁹. Algo tiveron que ver no descontento dos propietarios co seu director, ademais, as críticas vertidas no xornal contra os “indianos” e contra a orientación xeral das escolas por estes impulsadas, “que fabrican, exclusivamente, futuros emigrantes”²⁰; os abundantes ataques á censura de prensa proferidos desde as súas columnas²¹; as palabras de alento que desde o rotativo se brindaron a un combativo Miguel de Unamuno²²; ou, finalmente, o aplauso entusiasta dos redactores á Universidade de Barcelona

¹⁹ Así o indica o profesor Beramendi (Vide *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Ed. do Castro, Sada, 1991, p. 17). O contido de artigos como “Una cuartilla. Contumacia anormal” (22.11.1921) ou “Una cuartilla. Sólo para raros” (23.11.1921) confirman plenamente, na nosa opinión, o seu aserto. É ben significativo nesta liña, ademais, o feito de que *El Correo Gallego* publique aos poucos días do cesamento de Ramón Villar Ponte un poema de exaltación belicista titulado “Al soldado ausente”, asinado por Manuel Masdías (cf. *El Correo Gallego*, Ferrol, 27.11.1921). A mudanza de rumbo editorial está ben clara...

²⁰ Cf. “Una cuartilla. La enseñanza en Galicia”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 1.9.1921.

²¹ Cf. “Una cuartilla. Oh, la censura”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 7.9.1921; “Una cuartilla. Luz y oscuridad”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 17.9.1921; e, por último, “Una cuartilla. Mimetismo natural”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 21.9.1921.

²² Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “Comentarios a una marcha”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 23.9.1921; “Una cuartilla. Casi parábola”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 28.9.1921; e “Una cuartilla. Honrosa distinción”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 2.10.1921.

por admitir, en doloroso contraste coa propia Universidade santiaguesa, a redacción de teses en idioma galego-portugués²³.

No propio voceiro das Irmandades, *A Nosa Terra*, un anónimo redactor que asinou X. (non sería estraño que fose o propio Antón Villar Ponte) escribía o seguinte fragmento sobre esta saída dos nacionalistas do diario ferrolán:

“Desde saíron do *Correo Gallego*, do Ferrol, nosos irmaos Ramón Villar Ponte e Xaime Quintanilla, por defenderen as cousas da Terra, censurar os pulos bélicos e pedir que se esixan responsabilidades no vergoñoso asunto de Marrocos, aquel xornal escomenzou a publicar durante varios días artigos da *Correspondencia Militar* de Madrid, órgano das Xuntas de Defensa.

E n'un dos derradeiros números, comentando o trunfo da irmá de raza Irlanda, inserta unha chea de parvadas baixo o título “No queremos tanta libertad” (...)

Por decontado Quintanilla e Ramón Villar Ponte, pódese decir que foron vítimas, por teren ideas nazionalistas i-europeas e non ser carneiros de chinchín bizarro, de xentes que presionan dend'a sombra”²⁴.

²³ Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “Honrando a nuestra tierra. El galaicoportugués en la Universidad de Barcelona”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 4.10.1921.

²⁴ Cf. “Un xornal que quere a escravitude da Terra”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921.

**7. Coincidencia ideolóxica dos Villar
Ponte na ruptura do nacionalismo e na
posterior actuación da ING**

As Irmandades veranse sometidas ao longo do segundo semestre de 1921 a unha crecente tensión interna e a un enfrontamento cada vez máis agre entre o sector dos “políticos” (con Lois Peña Novo como cabeza visíbel), partidarios dunha acción política dentro das estreitas marxes do sistema e defensores da concorrencia electoral, e o dos “apostólicos” (comandados por Vicente Risco), defensores dunha impugnación radical do sistema, que se plasmaba nun boicote ás eleccións e na renuncia á obtención de representantes nas institucións. Esta situación desembocará na escisión consagrada na Asemblea de Monforte en febreiro de 1922. Antón e Ramón situaranse no mesmo bando, en plena sintonía coas teses ideolóxico-políticas de Risco e dispostos a secundar as férreas medidas organizativas de disciplina e xerarquización que o ourensán implementa desde o primeiro instante na ING.

Un artigo de Antón, “Resposta a un e a moitos. Dúas crases de galeguistas”²⁵, causou verdadeira conmoción entre os membros das Irmandades, pois anunciaba e xustificaba dalgún xeito, xa en xullo do 1921, o irremediábel da ruptura da organización. As discrepancias entre galeguistas “tolerantes”, de “temperamento político” e “que queren camiñar de presa”, por unha banda, e galeguistas que, por contra, son “intransixen-

²⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Resposta a un e a moitos. Dúas crases de galeguistas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 144, 15.7.1921.

tes”, teñen temperamento “apostólico” e “queren camiñar paseniñamente” (entre os que se sitúa claramente Antón) eran vistas xa nesa altura como insalvábeis. Os primeiros, sinala o noso autor, pensan máis “no ideal da vitoria que na vitoria do ideal”, contemporizan en cuestións básicas en que non debería caber tal actitude, critican aos coherentemente “intransixentes” e láianse da lentitude con que discorre o proceso de liberación do país. Antón non disimula a súa desconfianza e receo cara a sinceridade das convicións e a fidelidade ao ideario nacionalista dese sector das Irmandades:

“Pol-o que os cubizadores de medro poden arredarse de nós a tempo. Non enganamos a ninguén. Quenes non teñan maor fe que os israelitas para atravesal-o deserto, recuen axiña”²⁶.

Deste artigo dedúcese doadamente que eran tres as cuestións concretas en que “apostólicos” e “políticos” tiñan posicións enfrontadas. En primeiro lugar, os primeiros non coidaban que o problema español fose cuestión de leis, senón de réxime, polo que non estaban dispostos a aceptar ningunha concesión do Estado (por exemplo, a Mancomunidade) sen unha previa reconfiguración profunda do mesmo e sen teren feito unha previa conscientización do pobo nesa dirección. Tamén consideraban que o principal problema non era o das liberdades individuais e cidadás, senón o da liberdade colectiva (“en Terra escrava xa sabedes que non pode haber homes libres”): quere dicir, que o preito da autonomía era anterior e superior á resolución de determinadas cuestións sociais, como a redención agraria, ou políticas, como a

²⁶ *Ibidem*.

garantía de limpeza electoral... En último lugar, os “apostólicos” non estaban dispostos a entrar no xogo electoral para recadaren apoios e votos a calquera prezo no mundo agrarista galego nin a facer renuncia ou posposición da ideoloxía nacionalista para ver de gañar prosélitos:

“(...) son tamén sospeitosos os que queren (efecto do seu temperamento político) camiñar de presa pol-as corredeiras labregas, sementando unha cidadanía serodia, sin quentura ideolóxica, feita da noite â mañán, que dea votos (votos que se conten e que non se pesen) que sexan trunfos, de xeito democrático tan ecléctico que nin alarme ós ricos que sosteñen o dereito do gravame das terras nin abra os ollos dos probes que sofren por mor de estaren as terras gravadas.

E con eses *redentores* e *apóstoles* que suplantán o caciquismo individual pol-o caciquismo sindicado, que atraí ós labregos non por prédicas de xusticia nin por motivos ideolóxicos, senon pol-o engado de lles proporcionar abonos e granos (nova merca de vountades) a causa de dispoñeren d’unha organización desgaleguizadora, con cartos, cuia cabeza áchase en Castela, francamente nós, nazionalistas acesos, non podemos aliarnos. Unhas actas pescadas n’este río revolto, turbio, non serán as actas galeguistas que percisamos. E a semente xúrdia é a que, os nazionalistas, andamos a botare, no corazón dos mociños que inda *non teñen voto* e na i-alma virxe dos meniños que *han tardaren moitos anos en tel-o*”²⁷.

Pola súa banda Ramón, nun artigo sen asinar intitolado “A política e o Nazionalismo”, que se publicou no segundo número do *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, correspondente a xaneiro de 1922, adiantará e resumirá á perfección os argumentos dos que se

²⁷ *Ibidem.*

aliñan con Risco no transcurso da IV^a Asemblea Nacionalista. Comeza o citado artigo facendo unha declaración de radical desafección do nacionalismo galego cara ao sistema español vixente e cara ás demais forzas políticas existentes, mesmo aquelas que puidesen presentar *a priori* maiores coincidencias:

“O nazonalismo galego non ten que ver nada coa política nin cos partidos políticos. O nazonalismo galego non ten nada que ver co rexionalismo catalán e, pol-o tanto, con Cambó e compañía, qu’os nazonalistas coidamos verdadeiros traidores á os seus ideaes. O nazonalismo galego non ten nada que ver cos rexionalistas nin cos galegistas [sic] e, pol-o tanto; cō Leonardo Rodríguez, que é pra nos un político como os demais. O nazonalismo galego non ten que ver nada cos que falan da *morriña* e da *vaquiña*, nin ten que ver tampouco cos pobres diaños que falan do lacón con grelos e do viño do Ribeiro”²⁸.

Despois de afirmar taxativamente a vocación internacionalista e modernizadora do nacionalismo (perante visións que o presentaban como un atraso e como unha tendencia regresiva) e de tentar aclarar as diferenzas conceptuais entre *nación* e *Estado*, Ramón Villar Ponte sinalará que o labor político que debía afrontar o nacionalismo galego, sempre partindo da base de que Galiza non tiña por que estar sometida a ninguén, tería que ser a “creación da nosa persoalidade colectiva”. Esta política de conscientización, ao contrario do que coidaba a maioría de militantes da

²⁸ Cf. [VILLAR PONTE, Ramón]: “A política e o Nazonalismo”, *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, Ferrol, nº 2, xaneiro 1922.

Irmandade herculina, ficaba “ben lonxe da política d’eleucións”, pois

“(…) pra nós non é nada termos concexaes, ou deputados. Non é nada, porque queremos leises nosas, feitas por nós e pra nós, independentemente das leises do Estado hespañol, pra gobernáremos nós por nós mesmos na nosa casa. E os concexaes ou deputados que tivéramos serían, quixeran ou non, sostedores das leies da opresión e da tiranía.

Pol-o tanto o nazonalismo galego non fai nin fará endexamais política eleitoral. E decrara publicamente que nada ten que ver con ningún partido político e que despreza á todolos políticos, sexan quen sexan”²⁹.

O colofón deste artigo, que permite rebater totalmente certas visións historiográficas sobre o enfrontamento nas Irmandades en 1922 como un presunto conflito entre “políticos” (Irmandade coruñesa) e “culturalistas” (ING), sinala:

“(…) namentras non se modifiquen as leises do Estado hespañol, as cortes de Madrid sonnos compretamente alleas. Nós somentes iríamos á unhas eleucións pra unhas Cortes galegas constituentes, que déranlle á Galicia a soberanía compreta”³⁰.

²⁹ *Ibidem*.

³⁰ *Ibidem*.

En liña concomitante, Xaime Quintanilla expuña: “Nós, os nazonalistas, non vos pediremos o voto endexamais. Cando o nazonalismo pida votos, coidado qu’está finando xa (...) O nazonalismo galego ten de sere un nazonalismo francamente esquerdista e revolucionario ou non será nada (...) Nós non debemos, endexamais, coidarnos de termos deputados nas Cortes estranxeiras” (Cf. QUINTANILLA, Xaime: “Do meu feixe. Equívocos”, *La Zarpa*, Ourense, nº 143, 11.1.1922).

Secundar os posicionamentos de Risco cústalle a Antón o posto de director de *A Nosa Terra* e a saída do núcleo da Irmandade coruñesa, liderado agora claramente por Peña Novo coa axuda de líderes rexionalistas históricos (Lugrís Freire, Carré Aldao, Florencio Vaamonde) e dunha nova fornada de cadros filo-republicanistas (Federico Zamora, Vítor Casas, Alfredo Somoza...), entanto que para Ramón supón que a súa obra *Doctrina nazonalista*, editada a finais de 1921 na imprenta de *El Correo Gallego* do Ferrol (aínda que distribuída en xaneiro de 1922) vexa frustrada en certa medida a súa difusión e vexa minguada dalgún xeito a súa capacidade e eficacia proselitista...

A expulsión de Antón da dirección de *A Nosa Terra*, en xaneiro de 1922, provocou un longo hiato de case un lustro de duración na presenza da sinatura dos irmáns Villar Ponte nesa emblemática publicación, mais non foi a única manifestación “cainita” que nese contexto houberon de asumir e padecer: varios membros da familia Villar Chao (Carme e Micaela Chao, o propio Antón Villar Ponte) víronse obrigados, con efecto, a abandonar a súa colaboración co cadro de declamación da Irmandade coruñesa, que pasou a mans de Leandro Carré e que se converteu en 1924 na “Escola Dramática Galega”.

A réplica por parte de Antón a estes acontecementos toma corpo na animación á escrita, na suxestión dalgúns dos contidos e na axuda á divulgación do manifesto “Máis alá”, que Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio compoñen e editan, cos novos responsábeis da Irmandade herculina no punto de mira, en xuño de 1922. Ramón Villar Ponte felicitará aos autores por un

texto que, son palabras súas, “responde, cáseque todo, ao meu pensare”³¹.

Mentres Ramón anima a delegación da ING de Viveiro, Antón fai o propio na Coruña, secundado por Alfredo Canalejo, Álvaro Cebreiro, Xosé Calviño e poucos máis. A hostilidade entre as dúas organizacións nacionalistas resultantes da escisión é grande. A ING boicotea propositadamente *A Nosa Terra* e edita como publicación “alternativa”, desde xaneiro de 1923, o xornal *Rexurdimento*, que xa coñecera unha primeira xeira como voceiro da Irmandade local. Con evidente afán “provocador” cara á Irmandade coruñesa, a organización liderada por Risco convoca e celebra na Coruña en marzo de 1923 unha 5ª Asemblea Nacionalista. Nela désígnase senllas comisións para crear a “Confederación Nazonal do Traballo Galego” e para intensificar o contacto coa “Xuntanza Nazonalista” de La Habana e outros núcleos conscientizados da emigración. De ambas comisións fai parte Ramón Villar Ponte, a quen acompaña na segunda delas o tamén viveirés César Parapar Sueiras.

Un tanto paradoxalmente, a pesar das súas diferenzas tácticas, ideolóxicas e mesmo persoais, os dous agrupamentos nacionalistas, Irmandade coruñesa e ING, despregaron no período 1922-23 un cúmulo de iniciativas e de actitudes finalmente moi semellantes, tanto na loita contra o Estado centralista como no relacionamento e intento de converxencia co agrarismo.

Ambas organizacións negáronse a participar, por exemplo, nas lexislativas de abril de 1923 e ambas ata-

³¹ Vide García-Sabell, D. (ed.): *Manuel Antonio. III. Correspondencia*. Ed. Galaxia, Vigo, 1979, p. 187.

caron unha e outra vez, con parecida dureza dialéctica, os persoeiros e forzas garantes do *statu quo* centralista e turnista español. Igual que distintos propagandistas da Irmandade herculina dedicaban os fins de semana a perorar en diversas aldeas dos arredores da Coruña, os irmáns Villar Ponte e outros militantes da ING traballaban no seo da “Confederación Regional Agraria”: Antón foi membro da directiva da “Federación Provincial Agraria” da Coruña, que presidía o betanceiro José García Acuña (á sazón director do diario *El Noroeste*, da Coruña). Ramón, pola súa vez, actuou como representante da mencionada “Confederación” na vila de Viveiro, tentando atraer ao seu rego á potente “Liga Agraria del Landro”, participada por diversos elementos anticaciquís e filo-socialistas.

Desta adscrición dos irmáns Villar Ponte ás organizacións agraristas deriva, sen irmos máis lonxe, a presenza de artigos seus durante 1922 e 1923 no xornal basilista ourensán *La Zarpa* e noutras publicacións da mesma orientación. Ramón, por exemplo, expón na revista galaico-arxentina *Hogar Gallego* a súa visión do *rus* nestes termos:

“A aldeia é, como o foi decote, a hucha santa en que, rexamente choídas, foron conservándose as esenzas indispensábeis pr’á vitalización da nazonalidade escravizada (...) non pode estranar nin sorprender a ninguén que nós, os nazonalistas, teñamos pra o agro, pr’as suas xentes unha especial devoción, un fondo e forte recoñecimento que nos levan a consagrarlles a iles e aos seus problemas característicos, sempre en lugar preferente, o noso mais sinceiro desvelo e a nosa mais lexítima preferenza”³².

³² Cf. VILLAR PONTE, Ramón. “Refrexos. As duas Galizas”, *Eco de Galicia*, La Habana, nº 182, 7.1.1923.

No caso de Antón, os artigos en *La Zarpa*, redixidos case sempre en galego e presentados sob os rótulos “Marxinalia”, “Cuartillas de Villar Ponte”, “Temas reales” ou “Cristalizaciós”, son especialmente mostrativos do nivel de radicalidade a que tiña chegado o seu pensamento político nesa altura. El mesmo aludiu ao carácter das súas colaboracións no diario dicindo que “escribí con sangre - como aconsejaba Nietzsche- muchas cosas”³³, ao mesmo tempo que nunha das súas primeiras aparicións nas planas do xornal confesou sentirse “cada vez mais nazonalista, cada vez mais disposto a me sacrificar pol-a nai Galiza, a única patria grande miña”³⁴.

No campo socio-económico, Antón denuncia nos seus traballos en *La Zarpa* as funestas consecuencias para a economía galega da política arancelaria estatal, a constante marxinação orzamentaria e infraestructural da Galiza, os problemas derivados da ausencia dunha grande urbe rectora da vida do país, etc..

No campo socio-político empresta atención ao necesario relacionamento e urxente colaboración agrario-nacionalista (“Somentes unha xeneralización forte do nazonalismo, entr’os labregos e os mariñáns, podería operar o miragre de redimil-a Terra”, escribe o 7 de decembro de 1922); defende unha actitude electoral abstencionista (“O Nazonalismo meténdose na política, mesturándose c’os políticos, afogaríase nos equívocos, esterilizaríase nunha cadea de habilidades para perder

³³ Cf. VILLAR PONTE, A. :“Galerías. Al margen de un bello gesto”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 780, 15.8.1926.

³⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas d’actualidade. A gran urbe”, *La Zarpa*, Ourense, nº 145, 13.1.1922.

a sua fecunda pureza”, sinala o 10 de marzo de 1922); insiste na total impugnación do sistema político español vixente e no trato colonial que o Estado outorga ao noso país (“Galiza somentes é unha colonia de Hespaña, que esprota Hespaña pr’as suas comenencias”, sentencia o 30 de decembro de 1922); condena a aventura militarista española no norte de África e, finalmente, ataca unha e outra vez aos deputados e senadores representantes dos distritos galegos, por ineficaces e por traidores aos intereses do país (“ises polítecicos son os culpabres de que Galiza sexa un feudo do centralismo, son os colonizadores da terra”, advirte o 8 de febreiro de 1923).

No campo lingüístico-cultural, Antón replica en *La Zarpa* algunhas opinións contrarias á normalización do galego do escritor vilanovés Francisco Camba, acusa recepción do manifesto *¡Más alá!*, saúda determinadas novidades editoriais, verte críticas contra a desgaleguización da Universidade e lamenta a morte de Murguía. Por último, no campo xornalístico dedica críticas á prensa galega de obediencia turnista, fai comentarios negativos sobre a actitude do xornal *El Sol* e dalgúns dos seus columnistas (Grandmontagne, Eugenio Montes...) cara aos temas galegos e lanza, á postre sen éxito, a súa proposta para a creación dunha asociación de xornalistas galegos *libres*.

Outra iniciativa vencellada en última instancia á ING e da que os dous Villar Ponte foron partícipes, se ben de distinto xeito, foi a Colección-Editorial “Céltiga” do Ferrol. Dirixida por Xaime Quintanilla e Manuel Morgado, tirou entre 1922 e 1923 unha quincena de volumes, entre os que hai que contar algúns “parrafeos” de Charlón e Hermida, unha segunda edición do *Trebón*

de Cotarelo, *Un ollo de vidro* de Castelao, *Saudade* de Xaime Quintanilla, *O novo xuez*, de López Abente, etc. Desta casa editora ferrolá foi Ramón Villar Ponte xerente e nela editou Antón en maio de 1922, facendo o número tres do catálogo “céltigo”, a súa “novela dialogada cómico trágica, en tres estancias” *Almas mortas*. Nesta peza teatral aborda o de Viveiro, como é sabido, a problemática da emigración desde parámetros hipercríticos, desmitificando a figura dos “indianos”, emendando o labor das escolas promovidas polas “sociedades de instrución” e cuestionando, en definitiva, os presuntos beneficios que do fenómeno migratorio se derivaban, segundo algunhas opinións, para a economía e a sociedade galegas.

**8. Os Villar Ponte no réxime
ditatorial primorriverista: da inicial
colaboración á célere actitude de
oposición republicana e galeguista**

O establecemento da Ditadura do xeneral Primo de Rivera, o 13 de setembro de 1923, sorprendeu aos irmáns Villar Ponte no seu Viveiro natal, mentres participaban nos actos que se organizaron con motivo do solemne traslado dos restos de Nicomedes Pastor Díaz desde Madrid á vila en que nacera. Mentres Antón estaba a desempeñar o papel de presentador nunha velada necrolóxica celebrada con tal motivo no “Teatro Moderno” da localidade, Ramón, que estaba entre o público, tiña enviado xa a súa “Divagación en torno a Pastor Díaz” ao diario vigués *Galicia*³⁵, glosando os numerosos méritos do poeta romántico e político liberal moderado viveirés.

De entrada, ambos irmáns participan, como aliás a súa organización, a ING, e moitísimos outros sectores da opinión pública galega (os agrario-baselistas, moitos republicanos, os vellos rexionalistas, etc.) da esperanzada acollida que se lle tributa ás novas autoridades militares, fundamentalmente en razón das ansias presuntamente desartelladoras do antigo entramado político restauracionista que dicían traer, nunha actitude terapéutica que parecía encarnar a do “cirurxián de ferro” soñado no seu día por Joaquín Costa...

Como é sabido, con mentes de incidir na consecución dunha solución definitiva para o problema foral, por

³⁵ Cf. VILLAR PONTE, Ramón; “Divagación en torno a Pastor Díaz”, *Galicia*, Vigo, nº 336 e 337, 29 e 30.8.1923, respectivamente.

unha banda, e de camiñar cara á descentralización do Estado español, por outra, destacados dirixentes da ING, Antón Villar Ponte, Risco e Losada Diéguez entre eles, manteñen unha certa colaboración inicial coa Ditadura, que se traduce na presenza de Risco e Losada como deputados provinciais en Ourense e Pontevedra, respectivamente, e na designación de Antón Villar Ponte, o 7 de febreiro de 1924, baseándose na súa condición de bibliotecario da “Reunión de Artesáns” (posto que exercía desde decembro de 1923), como concelleiro dunha corporación municipal herculina que presidía á sazón o contraalmirante Vitoriano Suances Pelayo. O propio Antón confesaría, con todo, que na súa designación como munícipe tamén influíra o feito de ser aínda nesa altura directivo da “Federación Provincial Agraria”, entidade que colaboraba abertamente coas novas autoridades³⁶.

Non obstante, vai ser moi rápido o desmarque villarpontino desta ata certo punto suicida táctica preconizada por Risco e Losada, probabelmente demasiado fiados na súa amizade e na súa presunta ascendencia sobre o máis flamante dos persoeiros civís da Ditadura, o tudense José Calvo Sotelo. Antón Villar Ponte axiña se decata do seu erro e ao mes e once días escasos de ser designado concelleiro, 6º Teniente-Alcalde e Presidente da “Comisión Municipal de Instrucción Pública”, presenta a súa renuncia (18 de marzo de 1924). O pretexto alegado é que a Corporación acorda, unicamente co seu voto e mais co do socialista Eduardo Corral en contra, devolver a xestión das institucións municipais de bene-

36 Cf. VILLAR PONTE, A.: “Por si soy yo. El colaborador de la ciudad herculina colocado políticamente, *Galicia*, Vigo, nº 582,, 10.8.1924.

ficencia coruñesas ao estamento relixioso (“Hermandades de la Caridad”). Esta peripecia municipalista sería definida posteriormente polo propio protagonista como un “mal paso del que nos hemos arrepentido a tiempo” e como unha “equivocación lamentable” que “rectificamos enseguida mediante la renuncia del cargo, que se nos antojaba una cruz”³⁷.

Tamén abandona Antón nesa altura a “Federación Provincial Agraria”. Son factores que inflúen nesta decisión a pasividade da entidade perante as medidas proteccionistas do cereal castelán, lesivas para Galiza, adoptadas polo Directorio; a súa indefinición a respecto da “personalidade regional”; a actitude de colaboración incondicional coa Ditadura, que se traduce na captación de numerosos cadros da “Federación” para a xestión dos municipios, e, por último, o arriamento da bandeira abolicionista aprobado no transcurso do II Congreso da entidade (abril de 1924).

O desterro de Unamuno a Fuerteventura, a clausura *manu militari* do Ateneo madrileño, a suspensión indefinida das garantías constitucionais, o mantemento da censura de prensa, a promulgación de diversos decretos prohibindo o uso de simboloxías nacionalistas (bandeira, himno) e limitando nalgunhas esferas e ámbitos o uso dos idiomas nacionais non casteláns son, entre outros moitos, síntomas e feitos que tornan evidente, a ollos dos irmáns Villar Ponte, a esencia e feitura verdadeiramente intolerante e totalitaria, e por iso intolerábel, do novo réxime. A isto hai que sumar o fenómeno da progresiva acomodación no seo da Ditadura, fundamen-

³⁷ *Ibidem.*

talmente a través do partido único da “Unión Patriótica”, de moitos elementos e entramados da “vella política” contra os que se bateran os Villar Ponte na etapa precedente...

Desde o momento en que os propios Risco e Losada recoñecían *de facto*, coa súa dimisión como deputados provinciais (xaneiro de 1925), o fracaso da súa estratexia, os Villar Ponte abesullarán novos rumbos e moldes para proseguir a batalla galeguizadora. Da debilitación (estima persoal á parte) dos vínculos de Antón Villar Ponte con Risco dá proba, por exemplo, a total ausencia da sinatura do viveirés nas páxinas do agora resucitado boletín *Nós*, ao contrario do que acontecera na súa primeira xeira.

A partir dese instante os pensamentos de Ramón e de Antón, expresados a pesar da censura en ducias de artigos no xornal vigués *Galicia*, no madrileño *El Sol* e noutros cabezallos galegos da emigración como *El Despertar Gallego* e *Céltiga*, van acentuando paulatinamente o seu grao de rexeitamento cara ás autoridades e cara á política do Directorio.

Antón, na compañía doutros correligionarios como Xosé Calviño, realiza diversas actividades políticas clandestinas, entre as que compre destacar a edición e reparto no verán de 1924 dunha folla voandeira en sinal de protesto pola supresión da “Escola de Veterinaria” santiaguesa, en que se recriminaba que o ditador visitase Galiza despois de terlle infrinxido semellante afrenta... En setembro de 1924, segundo propia declaración, o máis vello dos Villar Ponte padece un breve encadeamento por un artigo en que comentaba criticamente o

primeiro aniversario da instauración da Ditadura. En 1925 o diario *Galicia* vese suspendido por quince días por mor do contido doutro traballo villarpontino...³⁸

Ramón acompaña esta evolución de seu irmán, se ben dun xeito máis discreto, quere dicir, sen o grao de protagonismo e presenza pública que amosa Antón. No xornal *Galicia* de Vigo aparecen varios artigos asinados polo autor da *Doctrina Nazionalista*, agrupados sob o título de “Liñas incidentales”, que deixan entrever xa na primavera de 1924 o seu posicionamento claramente contrario á Ditadura. Ese posicionamento é expresado, un tanto en clave por mor da acción constrictora da censura, en forma dun chamamento continuo á rebeldía e resistencia interior, á independencia espiritual, á persistencia na fé galeguista, ao desafío dos esterilizantes e adormentadores beneplácitos xerais e á reacción contra o cretinismo ambiente, todo en espera de tempos mellores que a propia tenacidade despregada había de precipitar³⁹.

Neste contexto hai que entender a proposta de A. Villar Ponte, aventada o día 8 do mes de xullo de 1925 desde as páxinas do diario vigués *Galicia* (daquela, é certo, en pleno proceso de esmorecemento) no artigo

³⁸ Cf. VILLAR PONTE, A. “Pretextos cotidianos. Respondiendo a una diatriba”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.852, 6.3.1930.

³⁹ Véxanse os traballos da sección “Líneas incidentales” intitulados “La independencia espiritual” (*Galicia*, Vigo, nº 450, 4.3.1924); “Lo invencible. Los héroes” (*idem*, nº 452, 6.3.1924), “La cobarde moralidad” (*idem*, nº 453, 7.3.1924); “Algo sobre la fé” (*idem*, nº 473, 30.3.1924), “El valor supremo” (*idem*, nº 476, 3.4.1924), “Vida y acción” (*idem*, nº 481, 9.4.1924), “Una incomprensión lóxica” (*idem*, nº 507, 11.5.1924) e “Juventud, divino tesoro” (*idem*, nº 546, 28.6.1924).

“Pretextos cotidianos. Lo que debiera intentar la juventud gallega”, de creación dun “Partido Liberal Autonomista Gallego”. Tal Partido non chegou a se constituír, mais resulta referencia indispensábel para entendermos dous procesos de grande relevancia na traxectoria dos Villar Ponte.

En primeiro termo, o irreversible afastamento político e ideolóxico de Antón Villar Ponte (e seguramente tamén de Ramón) a respecto da practicamente extinta ING e dos seus principais mentores, Vicente Risco e Antón Losada Diéguez. Téñase en conta, nesta orde de cousas, que ambos persoeiros influíron decisivamente sobre a mocidade que convivía e que traballaba arredor do “Seminario de Estudos Galegos” e da “Mocidade Cultural Galega” de Santiago (Filgueira Valverde, os irmáns Bouza Brei, Manuel Beiras, Xavier Pardo, Ánxel Romero Cerdeiriña, Xoán Xesús González...) para que rexeitasen a idea villarpontina⁴⁰, que achou eco, no entanto, en sectores do novo republicanismo galego (Roberto Blanco Torres, Manuel María González, Manuel García Barros...). Esa é a razón pola que Antón, a diferenza de Ramón, se desvinculou afectivamente do citado “Seminario”, deixando sen cumprimentar o seu discurso de ingreso... En outubro de 1925, Antón expuña epistolarmente a súa interpretación sobre os porqués da negativa

⁴⁰ Escribelle Xavier Pardo a Fermín Penzol, o 1 de decembro de 1925: “Encol do novo partido do V.P. nada decidimos pol-o de agora, xa que en definitiva nada se sabe. Nós seremos sempre nazionalistas, e non colaboraremos en ningún partido que esté constituído por persoas sospeitosas; chámese este i-estes como se chamen” (Vide *Grial*, Vigo, nº 73, Xullo-Agosto-Setembro de 1981, p. 333).

Pola súa vez, Losada Diéguez proclama categoricamente nun artigo en *A Nosa Terra* (nº 227, 25.7.1926), desautorizando os intentos villarpontinos de organización: “Non é tempo de xuntanzas”.

de Risco e Castelao a secundar a súa proposta partidaria: “O Risco está algo atado, porque como son tan bárbaros os que mandan, teme que o deixen sin o seu único medio de vida: a cátedra. O Castelao, pola suas ataduras á praza burocrática de Estadística, ocúrrelle cousa semellante”⁴¹.

En segundo termo, o fracaso do *nonnato* “Partido Liberal Autonomista” proposto por Antón decantou e acelerou o seu reachegamento, ou se se quixer reconciliación, tanto coa resistente aínda que moi reprimida Irmandade herculina (que aínda durante 1924 non cesara no seu ataque, a través de *A Nosa Terra*, ao que consideraba posicionamentos confusos de Antón Villar Ponte), como cun remozado republicanismo, liderado na Coruña por figuras como Gerardo Abad Conde e Santiago Casares Quiroga. A figura de Ánxel Casal, promotor nese instante das “Escolas de Insiño” e da editora “Lar”, xoga un papel moi relevante, ao noso ver, nesa reconciliación de que falamos⁴².

⁴¹ Cf. Carta de Antón Villar Ponte a Fermín Penzol datada a 26 de outubro de 1925, reproducida en *Grial*, Vigo, nº 73, Xullo-Agosto-Stembro de 1981, p. 327.

⁴² Abonda repasar o relacionamento de A. Villar Ponte coa empresa editora “Nós” no período final da Ditadura para se decatarse da poderosa amizade que os uniu. A Casal débesele, con efecto, a publicación en “Lar” de *O Mariscal* e, xa fundada “Nós”, a segunda edición desta peza (1929). Tamén por desexo de Casal prologa A. Villar Ponte a posta en marcha dunha colección de teatro que inaugura a peza *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rei (1927); reúne tres das súas obras dramáticas orixinais no *Triptico teatral* (1928); prepara probablemente a edición das poesías de Leiras Pulpeiro (1930); reemprende a súa colaboración xornalística con *A Nosa Terra* (ben que de maneira un tanto esporádica); etcétera. Ánxel Casal e Antón Villar Ponte serán máis tarde promotores destacados do efémero xornal republicano *El Momento* (1930) e representantes máximos do sector nacionalista que impulsa e integra inicialmente a ORGA.

Desde ese instante, os altercados de Antón Villar Ponte coa Ditadura son constantes. En outubro de 1925, coincidindo co debate sobre a súa proposta fundacional partidaria, lanza un auténtico órdago anti-ditatorial e anti-monárquico no discurso como mantedor da “Fiesta de la Poesía” con que se acompañou a celebración en Lugo do denominado “Primer Congreso de Economía Gallega”, usando en certos parágrafos o idioma galego e vetando ademais, con ameazas de non participar no acto se non era compracido, a presenza do mesmísimo Martínez Anido na sala⁴³... Na primavera de 1926, Antón ingresa novamente en prisión polo contido dun artigo en que criticaba a un dos ministros máis destacados do Directorio, o galego José Calvo Sotelo (1893-1936). Este encadeamento é denunciado pola revista galaico-bonaerense *Céltiga* nos seguintes termos:

“¡QUÉ SUERTE! Antonio Villar Ponte acaba de sumarse al número ya casi infinito de *malos españoles*. Hoy España se divide en dos: la de los malos españoles y la de los buenos *ídem*. Villar Ponte tuvo la suerte de aquella condena-
ción por haber escrito en *El Pueblo Gallego* un artículo contra el alto talento *numérico* de Calvo Sotelo. Nosotros no sabemos lo que dice el artículo, seguramente Villar Ponte no está de acuerdo con esos que quieren nombrar al joven ministro hijo predilecto de Galicia. Nosotros tampoco(...)”⁴⁴.

Finiquitado por orde gubernativa o diario *Galicia*, en setembro de 1926, os irmáns Villar Ponte pasan a

⁴³ Cf. Carta de Antón Villar Ponte a Fermín Penzol datada a 26 de outubro de 1925, reproducida en *Grial*, Vigo, nº 73, Xullo-Agosto-Stembro de 1981, p. 327.

⁴⁴ Cf. ANÓNIMO: “El momento de Galicia”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 34, 25.5.1926.

colaborar (asiduamente Antón, máis esporadicamente Ramón) con *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares e recuperan desde xullo dese mesmo ano, timidamente por canto só o farán con motivo do Día da Patria, a súa presenza nas páxinas *A Nosa Terra*. Esta presenza dos Villar Ponte exclusivamente nos números dedicados ao 25 de xullo manterase durante 1927, 1928 e 1929 e 1930, regularizándose a partir dese ano no caso de Ramón.

Pouco despois de abandonar, en decembro de 1926, o seu posto de bibliotecario da “Reunión de Artesáns” (que ocupaba desde finais de 1923), en desacordo co feito de que a directiva invitase a ocupar a súa tribuna ao director do xornal católico e pró-ditatorial *El Debate* e futuro arcebispo, Ángel Herrera Oria, Antón Villar Ponte publicará varios artigos chamando á urxente reacción do elemento esquerdista e liberal galego contra a hexemonización progresiva da sociedade por parte do ultradereitismo⁴⁵.

Días despois, o xornalista resultará de novo duramente represaliado polas autoridades da Ditadura por mor da publicación no rotativo cubano *La Correspondencia*, de Cienfuegos, dun artigo intitulado “La extraña unanimidad” (30.11.1926), moi crítico contra o Directorio. Efectivamente, o gobernador civil da Coruña imporalle a A. Villar Ponte unha multa de 500 pesetas, mais perante a negativa do viveirés a abonala, decretará o seu ingreso en prisión, que se efectiviza ás oito da tarde do día 15 de xaneiro de 1927.

45 Cf. VILLAR PONTE, A.: “Ante el avance derechista. Hay que responder en debida forma” (*El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 890, 10.12.1926) e “Temas de interés. Si hay liberales, ¿qué hacen?” (*El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 892, 12.12.1926).

Ao se enteirar da nova, directivos e afiliados da “Federación de Sociedades Gallegas” en Buenos Aires (entre os que figuraban Antón Zapata, Alonso Ríos, Suárez Picallo, Rial Seijo, Ramiro Isla e Julio Sigüenza) puñan automaticamente en marcha unha colecta para reunir a cantidade esixida polo gobernador civil coruñés⁴⁶, mentres que o voceiro *El Despertar Gallego* insería nas súas columnas o seguinte comentario:

“El egregio publicista Antón Villar Ponte, uno de los más valiosos periodistas de Galicia, coautor de *O Mariscal*, acaba de ser castigado por el gobierno que soporta España con 500 pesetas o un mes de cárcel, por un artículo en el que, como de costumbre, decía un núcleo de verdades de a puño (...)

Conocemos a Villar Ponte. Sabemos de su entereza, valentía y sinceridad; por eso bien sabemos que el castigo dictatorial (que no es el primero que soporta) servirá sólo para reemplazar aún más su espíritu rebelde y para constatar que desde América seguimos paso a paso su labor apostólica, dispuestos siempre a tributarle nuestra adhesión más devota, de paso que nuestra más enérgica protesta contra la tiranía que sólo tolera las plumas indignas de sus lacayos.

En la carrera de un periodista libre, cada castigo impuesto es una preciada condecoración que se concede sólo a los hombres dignos. Antón tiene ya varias y seguramente obtendrá aún muchas más.

¡Duro con ellos, compañero!”⁴⁷.

⁴⁶ Cf. ANÓNIMO: “Homenaje a Antonio Villar Ponte”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 91, Año VI, 23.1.1927.

⁴⁷ Cf. ANÓNIMO: “Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 90, 16.1.1927.

O día 29 de xaneiro de 1927 saíu por fin A. Villar Ponte da cadea, entregando os diñeiros xirados desde Buenos Aires a diversas entidades benéficas herculianas⁴⁸...

Ramón Villar Ponte non deixaría de manifestar publicamente en tal ocasión os sentimentos de repulsa que lle provocaran o encadeamento e represión de seu irmán. No artigo “Do que os feitos din”, publicado en *El Pueblo Gallego* por esas datas, aseveraba que as sancións e persecucións dos demócratas en vez de os desprestixiar e rebaixar, servían para lles outorgar máis forza e exemplaridade, da mesma maneira que as cadeas en que os encerraban “de mansións de oprobio e de vergoñosa e deshonorábel residencia se trocan (...) en lugares acolledores dos lexítimos i-escolmados persoeiros da dignidá e a honorabilidade”⁴⁹. Pola súa banda, Manuel García Barros, desde as páxinas do xornal estradense agrario-galeguista *El Emigrado*, comentaba este episodio do seguinte xeito:

“Vilar Ponte, que fegura por dereito propio na primeira liña das mentalidades galegas, estivo na cárcere da Cruña comprindo unha condena imposta por un traballo seu publicado en América.

Durante o tempo que estivo detido foi oxeto de atencións colmadas por parte de moitos galegos d’unha e outra banda. Un soyo señor, pra él desconocido, mandoulle cen pesos desde Bos Aires (...)

⁴⁸ Cf. ANÓNIMO: “El Señor Villar Ponte, en libertad”, *El Orzán*, A Coruña, nº 2.707, 30.1.1927.

⁴⁹ Cf. VILLAR PONTE, R.: “Do que os feitos din”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.1.1927.

Pero que teña tino Vilar Ponte de non volver outra vez á carcele. E se vai a segunda, teña conta de non ir a terceira. Porque, a humanidade sigue sendo un pouco fraca, pol-o de agora: a primeira vez, todo o mundo ferve; a segunda, entéiranse namais uns cantos, e á terceira xa ninguén se dá conta”⁵⁰.

Estas peripecias do máis vello dos Villar Ponte, en todo caso, non fan máis que consolidar e profundar as súas ansias democráticas e as súas actitudes de rebeldía contra a Ditadura, ao igual que lle acontece ao seu irmán Ramón. Este, en xuño de 1927 diríxese desde a prensa ao xornal barcelonés *La Veu de Catalunya* para afirmar que “os escolleitos da Galiza se non dormen sinón que axexan. E aínda máis. Labouran na medida que lles é posíbel por espertar novas concenzas”⁵¹. En outubro de 1927, con todas as prevencións e ambigüidades na redacción que impuña a ameaza da censura, o máis novo dos Villar Ponte enxalzaba a democracia e o parlamentarismo⁵² e, xa no mes de febreiro de 1928, chamaba a loitar arreo por eses dous ideais⁵³, aínda que esa loita tivese que adaptarse aos xeitos e tempos que impuñan as duras circunstancias...

⁵⁰ Cf. *KEN KEIRADES* (GARCÍA BARROS): “Rexoubas”, *El Emigrado*, A Estrada, nº 220, 16.2.1927.

⁵¹ Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes. Ben di *La Veu*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.6.1927.

⁵² Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11.10.1927.

⁵³ Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes. A imposición das circunstancias”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 26.2.1928.

9. Unha paréntese de dor no clan dos Villar-Chao

O 27 de novembro de 1928, un cada vez máis activo Antón Villar Ponte vai ter que padecer unha dolorosa e obrigada paréntese na súa traxectoria cívica por mor do óbito da súa compañeira e esposa Micaela Chao Maciñeira, a consecuencia dunha nefrite contra a que nada puideron os coidados dos médicos Urbano Losada e Búa. O boletín *A Nosa Terra* expresaba o seu pésame por medio dunhas liñas de loito ás que pertence este fragmento:

“Antón Villar Ponte, o querido compañeiro e irmán, pasa arestora pol-a grande desgracia de ver morrer á sua distinta dona Micaela Chao Maciñeira. Unha señora que compartía por enteiro os sentimentos galeguistas de Villar Ponte e da sua familia, caso exemprar de sincero e acendrado patriotismo. Foi conselleira primeira da Irmandade feminina cruñesa e estaba completamente identificada cos nosos ideás galegos manifestándoo a cotío con forte intensidade e constancia”⁵⁴.

Pola súa banda, a revista *Céltiga* de Buenos Aires lamentaba así a infausta nova:

“Días pasados, el telégrafo nos dió la triste noticia del fallecimiento, en la capital de Galicia, de la esposa de nuestro dilecto colaborador, maestro y amigo, Antón Villar Ponte.

⁵⁴ Cf. ANÓNIMO: “Liñas de loito”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 255, 1.12.1928, p. 11.

Hállase, pues, enlutado y entristecido el hogar galleguísimo del gran publicista gallego, cuyo dolor por la pérdida irreparable de la buena y comprensiva compañera, compartimos fervorosa y cordialmente.

La señora de Villar Ponte, joven, bella y culta, era en aquella casa del Riego de Agua [sic], el espíritu animador de nuestro primer gran periodista. En las horas tristes del gran luchador; cuando por defender sus nobles ideales se iba a la cárcel, la buena señora lo despedía con un naturalísimo hasta luego, infundiéndole, con su heroísmo silencioso, insospechables bríos. Su mano de hada buena, acariciaba la cabeza inquieta del maestro para ahuyentar los malos pensamientos e infundirle más fe en la causa que defendía.

Como todos los gallegos que vuelven a la tierra, quien escribe estas líneas, llamó en nombre de CÉLTIGA a las puertas de aquella casa petrucial. Y fué la dama, noble y gentil, la que le abrió sus puertas, obsequiándolo con un cubierto en aquella mesa. Por eso los traza con el corazón en las ... de la pluma, extendiendo, en nombre de la hermandad de los céltigos, las manos fraternas al maestro y derramando sobre la tumba de su compañera muerta las flores del recuerdo cariñoso saturadas con esta palabras: Paz en la tumba de la muerta y resignación al compañero para afrontar el rudo golpe⁵⁵.

Micaela resulta para Antón, ao igual que Teresa para Ramón, unha personaxe absolutamente decisiva. Desde que se coñeceron en Cuba, compartindo os labores do cadro de declamación “Rosalía Castro”, ambos partillaron un proxecto de vida en común que houbo de afrontar numerosas renuncias, penalidades e contratempos.

⁵⁵ Cf. ANÓNIMO: “Necrológicas. Doña Micaela Chao de Villar Ponte”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 95, 10.12.1928.

Procedendo dunha familia das terras do Ortegal con certo acomodo económico, Micaela non só renunciou a certo tipo de vantaxes e comodidades que a profesión de xornalista e o compromiso civilista do seu marido non lle podían garantir baixo ningún concepto, senón que, ao igual que as súas irmás Teresa e Carme, mesmo acompañou o evoluir ideolóxico do seu esposo e chegou a asumir activamente a ideoloxía nacionalista que aquel formulou con seu irmán Ramón a partir de 1916.

Micaela participou, con efecto, nas tarefas do “Conservatorio” da Irmandade herculina; presidiu a “Agrupación Femenina” da Irmandade coruñesa; axudou a confeccionar e financiar a bandeira da entidade; viaxou coa embaixada galeguista a Cataluña en decembro de 1917; observou con total coherencia a educación en galego dos dous fillos do casal, Meliña e Tonecho⁵⁶; comprendeu e arroupou as loitas civilistas en que seu home se mergullou unha e outra vez, padeceu con resignación os sucesivos encadeamentos de que Antón foi obxecto, etc.

O propio xornalista, ao redixir un artigo necrolóxico sobre o poeta Manuel Antonio e evocar as visitas que o poeta rianxeiro, como moitos outros nacionalistas, cursaba de cando en cando ao seu fogar na Coruña, non puido menos que ponderar o papel que a súa esposa xogou nesas ocasións:

⁵⁶ Fernández Oxea (*Ben-Cho-Shey*), nun traballo intitulado “O fogar de Vilar Ponte”, que foi publicado no boletín *A Nosa Terra* (nº 405, 13.3.1936), chamaría a atención sobre esta exemplaridade do casal Villar-Chao no tocante á conduta idiomática: “Si todol-os fogares dos galeguistas foren atal e como foi de por vida o de Antón Vilar Ponte, haberíase dado un gran paso na galeguización da nosa terra”.

“¡O meu fogar, hoxe de loito, de loito para sempre, pol-a perda da boa muller, dina compañeira d’un home de combate, que o alegraba, onde c’os brazos abertos tiveron acollida gari-mosa cantos pelingrinos do Ideal, alcesos no amor â terra a él chegaron!”⁵⁷.

E aínda nunha carta a Álvaro Cebreiro escrita desde Viveiro o 26 de Decembro de 1928, reflexionaba Antón sobre o papel desempeñado na súa vida pola esposa agora morta e sobre a difícil situación en que ficaba como viúvo ao cargo de dúas criaturas:

“Truncóuseme a vida. Fiquéi na máis fonda das melancónias. Desposeime co’a door para sempre (...) Era feliz d’abondo. Tiña un tesouro dos que poucos homes logran seren donos. Unha muller forte, doce, de craro senso, de rexo carácter que adoraba en min, que o daría todo por min, dina compañeira d’un loitador ou d’un sementador d’ideás. Non me cega a paixón, pero coido que si cada galego e cada español con temperamento de home de loita tivese unha muller com’a miña, o país sería outra cousa. Porque son cáseque sempre as mulleres na intimidade do fogar quenes tallan as aas dos loitadores. A maoría das claudicacións veñen dos consellos teimados e doces das mulleres no seo da familia. Pro a miña, tí ben o sabes, nunca foi *plomo de cordura burguesa*, sempre foi áa para min. Veume ameazado de morte e lonxe de me apoucar (inda sintindo andarlle a procesión por dentro) dábame azos. Véume no carce, e espermentaba fondo orgulo por elo. Véume á morte e non saíu da beira do meu leito até que non puido mais (...) E no cimenterio está. I-eu na vida, sô, con dous pequeniños. Eu que non sei nada do trafego do fogar; eu inú-

⁵⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Exemplos. O noso poeta do mar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.827, 5.2.1930.

til para todo o material! Eu que descansaba n'ela! Decátate da miña situación! Somentes dous consolos: un, que nin a Raíña podería morrer millor asistida do que ela. Outro, que da Coruña e de toda Galicia recibín probas d'amistade... (...) Agora serei com'o seu noivo eterno (...) Moito perdín, moito. Pro teño o deber de vivir pra os cativiños⁵⁸.

A Tía Clementina, as cuñadas Carme e Teresa e seu propio irmán Ramón foron desde entón o apoio sobre o que Antón reconstruíu e conduciu o fogar desfeito e significaron en moitos momentos o arroubo que necesitou para non sucumbir ao desánimo e á soidade.

⁵⁸ Carta de Antón Villar Ponte a Álvaro Cebreiro, datada en Viveiro a 26 de Decembro de 1928. Citada por TUDELA, Mariano: *Álvaro Cebreiro. Vida y afanes de un creador*, Ed. do Castro, Col. "O Movemento renovador da arte galega", nº 2, Sada, 1983, pp. 129-131.

**10. Apurando esforços a prol da
mudanza de réxime. Os Villar Ponte no
nacemento da ORGA e durante a
“Dictablanda”.**

Desde 1926 ata mediados de 1929, os irmáns Villar Ponte aparecen perto das posicións da “Alianza Republicana”, plataforma de inspiración lerrouxista que aspiraba a aglutinar no Estado todas as hostes antiditatorias e anti-dinásticas. Paralelamente ambos viven un proceso de reencontro (e tamén reingreso, no caso de Antón) coa Irmandade coruñesa, que volve admitir nas páxinas do seu boletín artigos asinados polos irmáns viveireses.

Dados os estreitos límites que a situación ditatorial impuña a toda actividade pública de índole política, os Villar Ponte, como aliás boa parte dos demais nacionalistas, desenvolveron unha actividade cultural e intelectual moi intensa.

Antón, ademais de dedicarse profesionalmente ao xornalismo, redixindo centos e centos de artigos para cabezallos galegos (nomeadamente *El Pueblo Gallego*, de Vigo, coas seccións “Galerías”, “Pretextos cotidianos”, “Temas de interés” e “Exemplos”), peninsulares (nomeadamente *El Sol*, de Madrid), extra-peninsulares (os cubanos *Diario de la Marina* e *La Correspondencia*) e da Galiza emigrada (*El Eco de Galicia*, *Heraldo de Galicia*, *Céltiga*, *El Despertar Gallego*, a *Revista del Centro Gallego de Montevideo...*); escribiu e encenou en 1926 a peza zarzuelística *A probiña que está xorda*, con música de Mauricio Farto. Tamén presidiu durante case dous anos o coro coruñés “Cántigas da Terra”; reeditou varias

pezas do seu teatro no volume *Tríptico teatral* (1928); emprendeu a escrita doutra peza finalmente inconclusa sobre a figura de Xoana de Vega e converteu *O Mariscal* en libreto de ópera coa colaboración do músico e arquitecto coruñés Eduardo Rodríguez Losada. Ademais, participou nos labores da Academia Galega como “Correspondente”, intervindo na celebración de diversos centenarios (Añón, Vicetto, Francisco M^a de la Iglesia...), facendo parte de varias comisións e polemizando sobre o método de adxudicación do proxecto de monumento a Curros na Coruña (Antón era partidario da adxudicación directa a Asorei) ou sobre a lexitimidade da bandeira galega franxiceleste (posta en dúbida polo erudito eumés Antonio Couceiro Freijomil). Na Coruña animou Antón Villar Ponte, igualmente, a fundación dun Ateneo (1926) e dunha “Universidad Popular” (1927) e colaborou en revistas literarias como *Alfar*, *Ronsel* e *Gaceta de Galicia*.

Pola súa banda, Ramón, recluso en Viveiro, escribiu artigos para diversas publicacións galegas (nomeadamente *El Pueblo Gallego*) e da emigración (nomeadamente *Céltiga*), traballou meticulosamente na recollida de informacións para a súa *Historia Sintética de Galicia*, editada pola “Nós” de Casal en 1927 e, ademais, cumprimentou o seu ingreso no “Seminario de Estudos Galegos” entregando en febreiro de 1927 o correspondente discurso, que versou sobre o sentimento nacionalista e o internacionalismo.

No segundo semestre de 1929, A. Villar Ponte afástase definitivamente da “Alianza Republicana”, aplaude o nacemento do “Partido Republicano Radical-Socialista” (Álvaro de Albornoz, Marcelino Domingo, Gordón

Ordax...) e, acto seguido, convértese no principal impulsor da participación dun sector do nacionalismo galego na “Organización Republicana Gallega Autónoma”, ORGA, liderada por Casares Quiroga. Desde esta plataforma, que cobra vida desde setembro de 1929, participará activísimamente na axitación republicanista e galeguista que precedeu ás eleccións municipais do 12 de abril de 1931 e que desembocou, como é sabido, na proclamación da 2ª República dous días despois.

Son varias as causas dese afastamento villarpontino da “Alianza”: descontento coa súa ineficacia e coa reprodución no seu seo de enfrontamentos caudelistas e actitudes meramente personalistas (“seguir aliando fantasmones para ostentar apariencias de jefaturas”, escribe Antón o 1 de agosto de 1929); discrepancia coas súas orientación tácticas; coincidencia cos sectores que propugnanaban, con especial intensidade en Cataluña, unha articulación organizativa autónoma por nacionalidades; etc.

Antón estivo moi perto, neses instantes, do novo partido de Albornoz e Marcelino Domingo, o “Radical-Socialista”. En varios artigos do segundo semestre de 1929 aludiu positivamente á súa xestión e concordou na necesidade de estruturar dun xeito novo o republicanismo, fuxindo de caudelismos e respectando mediante a fórmula federal as realidades nacionais que encerraba o Estado español. En xullo de 1929 o de Viveiro aseverou que tal Partido contaba “no sólo con nuestra simpatía sino también con nuestra adhesión”⁵⁹. Antón situouse ademais entre os republicanos cépticos perante a viabi-

⁵⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El partido radical socialista”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.674, 4.7.1929.

lidade dunha vía golpista (“pronunciamento”), insurxente ou violenta para acabar coa Ditadura e coa Monarquía. Moi pola contra, apostou por unha paciente, tenaz e organizada tarefa de conscientización e mobilización da opinión pública.

O abandono da “Alianza” e o aplauso de A. Villar Ponte ao “PRR-S” provocou algunha que outra polémica con diversos persoeiros. Tal é o caso do catedrático Joaquín García Labella, partidario de continuar coa “Alianza”⁶⁰, e de Gerardo Abad Conde, máximo dirixente desta na Coruña, que condenou a actitude “cismática” do viveirés⁶¹. Villar Ponte respostaría a estas e outras críticas⁶² apelando á necesidade de contar cun partido de esquerda burguesa que recollese os elementos democráticos e anti-dinásticos non asimilábeis polo partido socialista, insistindo na necesidade de novas fórmulas e persoas que puxesen fin á permanente historia de cismas e caudelismos do republicanismo español, da que Lerroux era perfecto expoñente e, finalmente, lembrando a evidencia de que a existencia do proxectado “PRR-S” ou doutros novos partidos republicanos non tiña por que ser incompatíbel co artellamento de plataformas máis amplas, en que aqueles puidesen eventualmente participar.

⁶⁰ Cf. GARCÍA LABELLA, J.: “Comentando a Villar Ponte. El partido radical socialista”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.689, 21.7.1929.

⁶¹ Cf. ABAD CONDE, G: “Tercería. En pro de la Alianza Republicana”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.677, 11.8.1929.

⁶² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una respuesta con sordina”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.691, 24.7.1929 e “Pretextos cotidianos. Sobre el cisma de la Alianza”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.680, 15.8.1929.

Tamén desde o mundo socialista lle fixeron críticas. O mozo vigués Urbano R. Moledo, nun artigo publicado en *El Socialista* a comezos de setembro de 1929, aludiu aos esforzos que estaba a realizar Antón por erguer unha nova organización republicana, logo do cisma da “Alianza”, como un proxecto fatalmente condenado ao fracaso. Sobre este vaticinio, replicaría o noso autor:

“Acaso tenga razón; pero yo aseguro que resultaría triste que así fuese. Porque sin una previa organización liberal burguesa, con verdadero arraigo en el país, no creo que el socialismo ni ninguna otra idea constructiva avanzada pueda abrirse camino entre nosotros. Los prejuicios de la burguesía sólo puede ir borrándolos de los corazones y los cerebros un continuo ejercicio de la libertad. Y muchos burgueses que experimentan recelos hacia el socialismo, sólo acabarán por favorecer a éste -unos consciente y otros inconscientemente- si logra uncírseles de modo serio con el yugo de la democracia”⁶³.

A partir de setembro de 1929, A. Villar Ponte emprenderá e liderará unha vía política e organizativa completamente novidosa, vía que será secundada á partida pola maior parte dos militantes da Irmandade coruñesa (Alfredo Somoza, Ánxel Casal, Vítor Casas, Federico Zamora, Arturo Taracido, etc.) e, desde Viveiro, tamén polo seu propio irmán Ramón: a constitución, co apoio de Casares Quiroga e dun sector do “Casino Republicano” herculino, dunha organización republicana de ámbito estritamente galego e de ideario federal e autonomista. O futuro dunha Galiza libre pasaba inevi-

⁶³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Respuesta diáfana a un amigo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.709, 19.9.1929.

tabelmente, ao seu ver, pola caída da Ditadura e máis da institución que a amparaba, a Monarquía, para o que se necesitaba a organización dunha forza política galega nova, mais non estritamente nacionalista⁶⁴.

Foi Ramón, precisamente, quen resumiu os porqués desta nova orientación e quen procurou convencer, ademais, aos sectores máis reticentes do nacionalismo galego das vantaxes desa alianza co republicanismo:

“(...) o repubricanismo hespañol, pese a certo sector unitario que n-él preponderou perante certo tempo, é hoxe partidario resolto e convencido, en maior ou menor grado, da solución dos problemas rexionaes previo outorgamento das respectivas autonomías. Un repubricano hespañol hoxe sabe perfectamente, e admite sen dúbida de ningún xénero, que a futura estrutura repubricana da Hespaña terá de sere unha estruturación federativa (...)

A unha banda se nos amostra o réximen monárquico, ategado de negacións, intransixente, non disposto a variare endexamais a postura cal si temera que coa variación puidera acaecere o derrumbamento. E á outra banda se nos ofrece o réximen repubricano acolledor, disposto espontáneamente ás concesións (...) Non caben, pois, antre nós, as dúbidas”⁶⁵.

Emilio González López (1903-1991) ten escrito sobre o proceso fundacional da ORGA outorgándose nel

⁶⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Comentarios a un artículo hábil”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, data?. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 149, sobre 1.

⁶⁵ Cf. VILLAR PONTE, R.: “Un voto e un chamamento”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 115, 10.10.1929.

un papel autenticamente decisivo: tería sido el, no verán de 1928, quen ideou a organización; quen realizou os primeiros contactos con persoeiros como Rey Barral, Díaz Rozas, Rey Pedreira, Búa Carou ou Casares Quiroga; quen xestionou na Coruña un local para poder celebrar reunións exploratorias; quen retomou o proceso, despois dunha paréntese, no verán de 1929; etc.⁶⁶ Outras fontes, porén, colocan na propia Irmandade herculina, e particularmente en Antón Villar Ponte, a orixe da iniciativa, e non deixa de ser significativo nese sentido que a reunión preparatoria previa á fundación efectiva tivese lugar no local da editorial “Nós” e que da vintena de asistentes, como aliás o propio González López recoñeceu, a maioría fosen membros da citada Irmandade. Ánxel Casal explicaba por carta a Ramón Villar Ponte, o 5 de setembro de 1929, as xestións que Antón Villar Ponte, el propio e outros irmáns da fala coruñeses estiveran a realizar para a fundación dese partido político:

“Novidades políticas non hai máis que a de que hoxe reunimos con Casares Quiroga, Antón [Villar Ponte], [Alfredo] Somoza, Emilio González, [Arturo] Taracido i-eu, quedando acordado en principio constituir unha ‘Orgaización Republicana Gallega’, que sin que esté con ela o nazonalismo galego sexa dirixida pol-os nazonalistas por verbo d’Antón, unha orgaización pra traballar en Galiza e por Galiza sin agardar nin ter nada que ver con Madri e que como non se chama nazonalista (inda que o sexa) permitirá que moitos veñan a ela traballar pol-as nosas cousas, tendo ademais

⁶⁶ Vide GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *Memorias de un estudiante liberal (1903-1931)*, Ed. do Castro, Col. Documentos, nº 35, Sada, 1987, pp. 214 e ss.

certa liberdade que en ningún caso concederían a ningunha actuación nazonalista. Xa escribirá Antón falando d'isto xa que él é o iniciador⁶⁷.

Sexa como for, a ORGA constitúese finalmente en outubro de 1929, no transcurso dunha reunión non autorizada que ten lugar no “Casino Republicano” de Santiago, sob a presidencia de Manuel María González. Desa reunión sae un manifesto intitulado “Al país galego”, redixido por Casares Quiroga, que resume as razóns de ser da nova organización. A arela de instauración da República federal e democrática en España e o principio da auto-organización do republicanismo galego, para lograr unha Galiza grande, puxante e rica (“*Queremos hacer de nuestra Galicia un emporio de riqueza y cultura*”, afirmase), son os seus sinais de identidade básicos. Ambos elementos (federalismo e auto-organización) parecen falar dunha hexemonía, ou cando menos dunha notabilísima capacidade de influencia do sector nacionalista neste instante auroral da nova organización. Precisamente a progresiva perda ou vaciamento deses dous sinais de identidade será (co seu corolario de defecções no sector procedente das Irmandades) o que caracterice a traxectoria da ORGA e da súa plataforma a FRG (Federación Republicana Galega) desde a proclamación da 2ª República até o instante en que se autodisolve no seo da “Izquierda Republicana” azañista (1934).

O sector galeguista da ORGA coruñesa quixo dispor axiña dun xornal diario que dese canle e difusión ás

⁶⁷ Cf. Carta de Ánxel Casal a Ramón Villar Ponte, asinada na Coruña, a 5 de setembro de 1929, obrante na Fundación Penzol-Vigo, Fundo Villar Ponte, Carpeta 39-1. [Subliñado noso]

súas inquietudes e propostas republicano-federalistas. Naceu así o proxecto do xornal vespertino *El Momento*, animado fundamentalmente polo impresor Ánxel Casal e por Antón Villar Ponte, ao que algunhas fontes sinalan como director da publicación. Mais a aventura foi un fracaso sen paliativos, pois o xornal non pasou dos catorce números, cunha tiraxe de tres mil exemplares aproximadamente, de oito páxinas cada un, entre o 26 de febreiro e o 13 de marzo de 1930. O propio Casal explicou en setembro de 1934, nunha entrevista con Álvaro de las Casas publicada no diario vigués *El Pueblo Gallego*, as causas da enorme brevidade de traxectoria deste xornal republicano e galeguista coruñés: “Fracasé porque fracasaron las prometidas ayudas económicas y de la noche a la mañana me encontré sin un céntimo para responder a la maquinaria, papel, tintas, etc., mientras los anuncios no entraban en cobro”⁶⁸.

Ademais das causas económicas anotadas polo editor, cómpre tamén ter en conta na desaparición de *El Momento* a acción da censura, que visaba implacablemente cada día o xornal e enchía de espazos en branco a súa superficie... Xa no segundo número o propio rotativo ironizaba sobre esta circunstancia que comentamos: “Tendremos que resignarnos, sopena [sic] de quedar inéditos, a ofrecerles a los lectores un diario blanco, todo blanco donde no pueda hacer puntería ningún lápiz rojo”⁶⁹.

Os irmáns Villar Ponte acoden á VI Asemblea Nazionalista, celebrada na Coruña o 27 de abril de 1930,

⁶⁸ Cf. CASAS, Álvaro de las: “La Editorial ‘Nós’”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21.9.1934.

⁶⁹ Cf. *El Momento*, A Coruña, nº 2, 27.2.1930.

cun obxectivo moi claro: que o nacionalismo se integrase en bloque na ORGA. Acontece, porén, que no transcurso da xuntanza son máis as voces que rexeitan esa táctica (Risco, Otero, Paz-Andrade, Álvaro de las Casas, Castelao...) que as que a apoian. Antón ve con decepción como fracasa a súa aposta político-organizativa e como as circunstancias o afastan novamente do núcleo hexemónico do movemento nacionalista galego...

Desde ese instante, a figura de Ramón actúa a xeito de “ponte” entre o nacionalismo que permanece “puro” e o que ingresa na ORGA seguindo as orientacións de seu irmán Antón. Por iso cobra especial relevancia o artigo “A propósito de un manifesto”⁷⁰, escrito por Ramón cun enderezamento explícito aos “puritanos” Risco, Otero, Álvaro de las Casas e Castelao, que non tiña outro obxectivo senón convencelos da necesidade de que abrazasen dunha vez por todas a causa do republicanismo, abandonando unha actitude accidentalista que tal e como corrían as cousas non significaba precisamente un aval positivo para os tempos que previsibelmente se aveciñaban...

Desde a fundación da ORGA e durante toda a “Dictablanda” (xaneiro de 1930-abril de 1931), Antón vaise significar como un dos máis activos propagandistas republicanos na Galiza, tanto a través dos seus copiosos artigos na prensa periódica como pola súa presenza, como orador que emprega sistemática e significativamente a lingua galega, en infinidade de actos públicos en localidades como A Coruña, Santiago, Betanzos,

⁷⁰ Cf. VILLAR PONTE, R.: “A propósito de un manifesto”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 282, 1.4.1931.

Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Sada... Xestábase así, sen dúbida, unha popularidade e unha estima cara á súa persoa aínda meirandes que en épocas anteriores, circunstancia que ten moito que ver, loxicamente, coa súa posterior presenza na candidatura a Cortes Constituíntes da conxunción republicano-socialista pola circunscrición coruñesa.

Polo contrario, Ramón renunciou a xogar un rol semellante na política xeral galega ou mesmo na provincial luguesa, conformándose con cinxir o seu labor ao plano local viveirés, reanimando a Irmandade local, mantendo un relacionamento máis ou menos fluído con todas as forzas antidinásticas e pró-democráticas presentes no municipio e creando, en última instancia, unha magra agrupación da ORGA que, á postre, acabaría caendo baixo o control do elemento “frixio” José Santiago Seijo.

Antón escribe durante a “Dictablanda” numerosos artigos en *El Pueblo Gallego* e colabora ademais cunha morea de efémeros cabezallos de orientación republicana que xorden nesa conxuntura en diversas cidades e vilas do país: os lugueses *Ahora* e *Guión*, o coruñés *Adelante...*

Neses artigos propón a derogación de determinadas leis; demanda a restitución das liberdades individuais e colectivas; esixe responsabilidades aos factores e cómplices da Ditadura; avoga pola concesión dunha ampla amnistía política; coloca algunhas ideas para a descentralización do Estado, en sentido federal; lanza advertencias contra os intentos de reorganización das vellas estruturas e bandeirías caciquís da Restauración

turnista; pronúnciase sobre os pasos tácticos a dar polo anti-dinastismo diante da notoria debilidade política do Xeneral Berenguer e os seus acólitos, etc.

Unha constante do seu discurso nesta coxuntura é a afirmación da necesidade de presentar dura batalla civilista contra os intentos de determinados representantes da *vella política* de, unha vez caída a Ditadura, tomar posicións, colocar á fronte das corporacións municipais aos seus peóns e reteceren as súas teas de influencia socio-política nos distritos galegos, de cara a unhas hipotéticas eleccións lexislativas e/ou constituíntes:

“Vamos camino de una normalidad en que los *anormales* llevan ventajas. Los anormales en este caso son los oligarcas, caciques y cacicuelos del viejo régimen y algunos ambigüos del régimen de dictadura, que, como quien no quiere la cosa, consiguen ir aupando a los mismos puestos de que disfrutaban antes del 13 de septiembre de 1923 a sus amigos y paniaguados. Para llegar a esto tuvimos que soportar cerca de siete años de férreo absolutismo (...) Lo cual significa que la historia de la Restauración continúa. Otra vez se disponen a ser los árbitros de los destinos nacionales el conde de Romanones, el marqués de Alhucemas, el conde de Bugallal y el marqués de Lema. Después de seis años largos de abstención forzosa estos aristócratas políticos y otros políticos que no son aristócratas ni demócratas tampoco, aspiran y con razón (puesto que les dejan) a seguir haciendo la felicidad de España (...)

Entre tanto, los que quieren sembrar ideas en campo libre; los que laboran por la conquista del consenso público para la obra urgente de europeización de España; los que

anhelan que no vuelva la dictadura, que es lo que ahora de nuevo campa pos sus respetos con careta monárquica, parlamentaria y constitucional, esos tiene que esperar a que los otros se acomoden para poder moverse”⁷¹.

Un dos casos en que máis directamente se implicarán os irmáns Villar Ponte é, neste sentido, o do propio distrito viveirés. Na súa vila natal prende nesta época, con efecto, unha campaña cívica contra a pretensión de José Soto Reguera de ser candidato polo distrito da vila do Landrove nas eleccións que o xeneral Berenguer presuntamente ía convocar... O citado político, que tiña acaparado como liberal-albista a ostentación do escano do distrito viveirés durante a década dos 10 e nos primeiros anos da dos 20, adheriu ao golpe de Primo de Rivera e militou na “Unión Patriótica”. En recompensa ao seus servizos, foi elevado *manu militari* á presidencia do “Ateneo” madrileño polo propio ditador cando desde esta prestixiosa institución cultural máis aumentaban as críticas contra o Directorio.

Foi precisamente Ramón Villar Ponte quen iniciou nas páxinas de *El Pueblo Gallego* a citada campaña civilista co artigo intitulado “Berro de alerta” (11.2.1930), que complementa despois no mesmo xornal co traballo “Ultraje que debe evitarse” (3.8.1930). Antón, que pasaba no mes de agosto de 1930 uns días na casa de seu irmán, enviaba así mesmo ao diario vigués un artigo en que explicaba por que era tan importante frear as pretensións de Soto Reguera:

⁷¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Las mismas causas...”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.887, 16.4.1930.

“(…) si Soto Reguera fuese un cunerillo del montón, al igual que lo fué hasta el advenimiento de la Dictadura, afañoso de buscar en la llamada política de grifo y vaso lo que su falta de talento le impedía conseguir en otras lizas, yo me olvidaría hasta del nombre que tiene, considerándolo uno de tantos actorzuelos de la farsa electorera española. Pero ahora ostenta un descrédito funesto que lo hace tristemente célebre como ex-asistente arribista de un tirano de botas marciales, a cuyo servicio se puso, cuadrado de espaldas a todo sentido civil y a toda consecuencia ideológica, para apagar el fuego vestálico de la libre cultura ateneística nacional con el hielo opaco de su ambición. Y ahora, tanto o más que por Vivero, por Galicia, yo que me precio de ser Gallego con g mayúscula, tengo que dejar oír mi voz honrada en pleito tan pestífero, a sabiendas de que no estoy solo y de que me acompañan todos los intelectuales hispánicos en este mi noble gesto pro dignidad regional”⁷².

Esta campaña contra Soto Reguera foi secundada por moitos outros xornalistas e intelectuais galegos. Citemos, entre eles, a Vítor Casas⁷³, aos redactores do semanario lugués *¡Ahora!*⁷⁴ e a Xosé Lesta Meis, quen vía en Soto Reguera un dos homes que máis se signifi-

⁷² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Desde Vivero. Ética civil y ética caciquil”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.982, 7.8.1930.

⁷³ Cf. CASAS, Vítor: “Fenestra”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.000, 28.8.1930.

⁷⁴ Cf. ANÓNIMO: “Un pleito de dignidad gallega. Acerca de Soto Reguera”, *¡Ahora!*, Lugo, nº 2, 23.3.1930.

⁷⁵ Cf. LESTA MEIS: “De mi tierra. Un caso de dignificación del espíritu liberal de Galicia”, *Heraldo de Galicia*, La Habana, nº 28, ano XII, 10.5.1930.

caran polo seu servilismo infamante á Ditadura⁷⁵. Tamén se suma á campaña o tipógrafo e destacado socialista viveirés A. García Atadell, que aproveitará ademais a ocasión para convidar aos irmáns Villar Ponte a se afiliarse ao PSOE⁷⁶. Este convite, porén, caíu en saco roto...

Cando finalmente Soto Reguera visite Viveiro no transcurso das festas patronais de agosto de 1930, a cidadanía progresista e galeguista da localidade vaino *agasallar* con diversas mostras de rexeitamento. Ramón Villar Ponte, por exemplo, asina unha folla voandeira, profusamente repartida, en que defende a idea da total incompatibilidade dese personaxe (“nefasto antes, en y después de la Dictadura”) con Viveiro. Nese texto fai, ademais, historia crítica da traxectoria sotista, denuncia o apoio que lle emprestara ao seu cacicato a sociedade de instrución “Vivero y su comarca” (presidida por Justo Taladrid Catá) e defíneo de maneira burlesca como “audaz mofletudo de la sonrisa de pepona”⁷⁷. Antón Villar Ponte, pola súa banda, redixe unha parodia do poema “Marcha Triunfal” de Rubén Darío, intitulándoa “La Marcha Asnal”. En numerosas rúas e prazas da vila do Landrove aparecen pintadas

⁷⁶ Cf. GARCÍA ATADELL, A.: “Hablando a mis paisanos. Hay que evitarlo”, *El Socialista*, Madrid, ¿nº?, ca. primavera de 1930. Recorte en arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 1.

⁷⁷ Leva esta folla por título “A todos los ciudadanos del distrito viva-riense” e saíu do obradoiro da Imprenta “Nós”, cando esta aínda tiña o seu local no número 50 da Avenida Linares Rivas da Coruña. Pode consultarse en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 151, Sobre 1.

de contido crítico alusivas a Soto Reguera⁷⁸, entanto a caravana de vehículos en que este arriba á vila é recibida cunha estrepitosa protesta de apupos, asubíos e berros organizada, segundo información de *El Pueblo Gallego*, por “grupos de obreros y estudiantes”⁷⁹.

Aínda se ocuparían novamente os Villar Ponte de Soto Reguera, en termos condenatorios, cando este persoeiro acolleu no seu chalé de Covas, a finais de agosto de 1930, a varios propagandistas da “Unión Monárquica” que serían futuros dirixentes da extrema dereita española durante a 2ª República (Calvo Sotelo, José A. Primo de Rivera)⁸⁰.

Desde finais de 1930, os acontecementos precipitáronse: formouse o Goberno provisorio da República, na clandestinidade (Outubro 1930); Ortega publicou en *El Sol* o seu famoso artigo “El error Berenguer” (15.11.1930), que finalizaba coa frase *Delenda est*

⁷⁸ Relata Lois Tobío, un dos militantes galeguistas viveireses que participaron nesas manifestacións: “Pero cando se anunciou a visita, Ramón Villar Ponte, que era moi femente para estas cousas, axuntou a un fato de amigos, eu entre eles, para facerlle unha demostración de protesta cando chegara; e ao que Soto Reguera viña no seu impresionante auto negro, na entrada da vila, atopouse cunha recepción que non esperaba e cuns grafiti no chan, diante do Asilo, nos que se vía una enorme bolsa de diñeiro co letreiro *Alberche* e unha frecha indicando que aquel diñeiro debía ir para os pobres” (TOBÍO FERNÁNDEZ, Lois: *As décadas de T. L.*, Edicións do Castro, Serie Documentos, nº 110, Sada, 1994, pp. 153-154).

⁷⁹ Cf. “Un cacicazgo en ruinas. Soto Reguera es recibido con serias manifestaciones de protesta en Vivero”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.933, 20.8.1930.

⁸⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una emboscada audaz”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.007, 9.9.1930.

Monarchia; produciuse, sen éxito, a intentona militar pró-republicana dos capitáns Galán e García Hernández, en Jaca (12.12.1930) e o posterior fusilamento de ambos (14.12.1930); e tivo lugar o golpe de forza anti-dinástico, tamén fracasado, do aeródromo de “Cuatro Vientos” (15.12.1930). Ao fío destes eventos, en carta a seu irmán Ramón datada na Coruña no Nadal de 1930, Antón Villar Ponte confesábase “abatido e abraiado, pero termando de coller folgos para unha nova loita” e expresaba algunhas valorizacións sobre o acontecido:

“Tiñamos fé casi absoluta de que hoxe habería xa na España unha República. Pro a fatalidade impidiuno. Principalmente por mor d’ese pobo noxento, de chiste e bagatela, que se chama Madrid. Madrid non respondeu como s’agardaba. Quizais pol-a traición da Casa do Pobo e de [Andrés] Saborit, o miserabel Saborit, sobre todo. Os socialistas e a UGT estaban no pacto. Tiñan dous repersentantes no Comité. Comprometéranse non só á folga dos seus elementos en toda España, senón á folga tamén dos ferroviarios. Estes agardábanna con entusiasmo. Habería de se declarar cando voou Franco sobre Madrid, ou un pouco antes. Saborit encarregado das ordenes non’as deu, segun din ¿Por soborno? O caso é que Madrid non foi á folga; que os madrileños recibiron con chistes o valente xesto do heroico Franco. Que as armas que había ó parecer ó servicio dos paisanos apenas si as colleron unhos poucos, entr’os que está, segun referencias, Maside, que se hacha preso. E si a esto se engade que o eisaltado de Galán - que pagou heroicamente coa vida a sua impacencia- adiantou o golpe teremos dous dos fautores que fixeron fracasar unha tentativa tan ben organizada e que ofrecía total-as posibilidades de bó éisito. Com’o que o pánico do Goberno foi tan grande que tivo que se valer ou botar man do tercio e os regulares (Boa bofetada para os militares e timbre de honor para Llapisera).

O triste é que Santiago [Casares Quiroga] está preso en Jaca onde padecerá a súa pouca saúde. Pro honra a Galicia. O triste é que Alcalá Zamora, que ía sel-o xefe do Goberno provisional, vendeu fincas, segun din, para a revolución, e Miguel Maura, c'o mesmo ouxeto, esnaquizou o seu patrimonio, e outros deron tamén moitos cartos. Tan seguro se creía o golpe que aseguran que certa entidade bancaria, inda que en condicións leoninas, adiantaba millóns que a pulcritude ética de Sánchez Román rechazou. Cousa que me parece absurda. Porque hoxe sin sobornar xente e sin lles garantir a outros a vida do fogar non é doado mover certas personas. E menos do que o réxime gastou agora en paral-o golpe gastaríao a República en indemnizar ós prestamistas.

Os socialistas de Indalecio (zona de Bilbao) responderon ben. Os de Teodomiro Menéndez (Asturias) tamén.

Galán, no consello de guerra, acusou de falta de honor a alguns dos xueces, dicíndolle que horas antes comprometéranse a ser cómplices no movemento. Morreu, o mesmo que o compañeiro, sin querer venda e saudando militarmente frente ós fusiles que o mataron.

Aquí solo prenderon a Abad [Conde] -como xefe de partido- e ós do comité da folga. Circulou a noticia de que me encadearan a min, pro non houbo tal. Deduxérono de me ver na comisaría c'o Abad a quen fun a saudar (inda que é un parvo e estaba na horta) cando soupén que o detiveran.

Din que haberá aquí nova folga xeneral porque a guardia civil a forza de paus matou a un obreiro. Non'o teño confirmado (...)?

Cando o xeneral Juan Bautista Aznar, xefe de goberno desde o 18 de febreiro de 1931, decida a convocatoria de eleccións municipais para o día 12 de abril de 1931, a ORGA de AntónVillar Ponte e Casares Quiroga

aparece como a única forza na Galiza con capacidade de hexemonizar as arelas de mudanza política que alentaban nunha importante parte da poboación. Co nacionalismo fragmentado en numerosos pequenos partidos grupusculares (Partido Galeguista de Pontevedra, Partido Nacionalista Republicano de Ourense, Grupo Autonomista vigués, etc.) e sen acabar de apostar decididamente polo troco de réxime; con Portela Valladares e demais promotores do “Pacto de Barrantes” sen plataforma orgánica desde a que incidir no plano político-institucional; coas forzas monárquicas desmoralizadas; etc., a ORGA só podía achar competidores para o seu afán hexemonizante no PSOE (co que vai acabar pactando unha coaligación nalgunhas provincias galegas) e no “Partido Radical”, organización coa que manterá unha encarnizada loita política durante todo o período que se aveciñaba.

**11. Esperanzas, logros, frustracións
e contradicións do período republicano
para os irmáns Villar Ponte.**

A traxectoria de ambos irmáns durante a 2ª República resultará chamativamente contrastiva: mentres Antón culmina co seu escano nas Constituíntes toda unha executoria de loitador, participa criticamente na desfeita da ORGA, abraza a disciplina do PG nun delicado momento político (1934), impulsa o pacto galeguista coas esquerdas e arriba moribundo á obtención dunha nova acta de deputado en febreiro de 1936, Ramón experimenta un axitado período como alcalde provisorio da súa vila natal, abandona moi axiña a nave orguista, mantense nun discreto segundo plano na vida do PG e deriva cara ás posicións de Risco e Otero, críticas co pendor esquerdista que Castelao e Bóveda lle imprimen á organización nacionalista nos finais de 1935 e durante o primeiro semestre de 1936.

Hai, con todo, un claro terreno onde a coincidencia entre os dous Villar Ponte no período é, a pesar de todos os pesares, total: a demanda autonomista.

Antón eríxese, con millentos artigos, no xornalista reivindicador por excelencia do dereito galego á autonomía durante a 2ª República e nun dos deputados que, xunto con Castelao, máis laboran a prol da súa consecución, sexa animando o proxecto chamado “Estatuto dos Parlamentarios” a finais de 1931, sexa participando en numerosos actos públicos, sexa colaborando estreitamente co “Comité Central Pró-Autonomía”, sexa combatendo as posicións dos que reclamaban a capitalidade

para A Coruña como paso previo á implantación da fórmula descentralizadora, sexa intervindo como orador nos debates da Asemblea de Concellos en Compostela (decembro de 1932).

Ramón, pola súa vez, con traballos esporádicos en cabezallos de prensa como *Alento* e *A Nosa Terra* e co volume *Breviario da Autonomía* (Ed. Nós, Santiago, 1933; asinado en Viveiro no Nadal de 1932), conságrase como o sistematizador e macizo divulgador de moitos dos argumentos que sustentaban esa demanda.

Os Villar Ponte recibiron a República pola que tanto tiñan traballado con grandes doses de xúbilo e esperanza, aínda que non exentas de cautela. Abríase a posibilidade de concretizar por fin, nunha reconfiguración profunda do Estado, as ansias de xustiza social, de liberdade, de autogoberno galego, de deslinde entre o civil e o eclesiástico, etc., mais as pexas para esas transformacións eran poderosas e non fixeron senón manifestarse con crecente virulencia ao longo de todo o período.

Desde os primeiros compases, a República significa para os Villar Ponte a asunción de transcendentales responsabilidades e protagonismos. Ramón é designado gobernativamente alcalde de Viveiro pola ORGA, entanto Antón, polo mesmo partido (aínda que xa coa reticencia de amplos sectores do mesmo encabezados por Casares Quiroga), lánzase á redacción dun anteproxecto de Estatuto de Autonomía de corte federalista e á organización dunha Asemblea para corroboralo (A Coruña, 4.6.1931). Nas eleccións legislativas constituíntes, celebradas o 28 de xuño de 1931, Antón logra un escano pola circunscrición coruñesa, sendo o sexto candidato máis votado.

Paradoxalmente, xusto neste momento en que Ramón e Antón desempeñan esas responsabilidades de alcalde e deputado, respectivamente, que parecían ofrecer a mellor das posibilidades para plasmaren cada un no seu nivel as ideas e lograren os obxectivos polos que tanto viñeran traballando desde anos e anos atrás, comezará un particular calvario político e mesmo persoal para ambos, absolutamente determinado e condicionado polas circunstancias históricas e as dinámicas políticas que os rodearon.

A experiencia como alcalde de Viveiro durante varios meses do 1931, desde abril até outubro, supuxo para Ramón, con efecto, un rosario de sensabores. Determinados posicionamentos seus perante algúns conflitos laborais que se viviron na vila nesa época e algúns tics como gobernante un tanto bisoño ou, se val a expresión, “falto de cintura”, provocaron a célere perda de confianza e posterior hostilidade dos socialistas cara á súa persoa. No seo da propia ORGA local, Ramón viuse paseniñamente desprazado e marxinalizado a mans dun sector “frixio” ou “camaleónico” (monárquicos conservadores disfrazados de republicanos progresistas...) encabezado, como xa se dixo, por José Santiago Seijo.

Polo que toca a Antón, a súa experiencia como deputado vai estar marcada indefectibelmente polas sucesivas crises da minoría republicana galega, pola perda crecente de influencia na ORGA, polo desgusto constante perante a reiterada demora na tramitación da iniciativa estatutaria e pola cada vez meirande hostilidade cara á súa persoa en moitos medios galeguistas, na medida en que se resistiu unha e outra vez a abandonar o barco comandado por Casares Quiroga alegando a

devida fidelidade a uns electores que o votaran como candidato por esa forza política...

Nomeado portavoz da minoría republicana galega en substitución de Casares (por ser este membro do Goberno), Antón contempla impotente como deputados do seu grupo (Antonio Rodríguez, Nóvoa Santos...) contraveñen os principios federalistas e favorábeis á oficialización do idioma galego que proclamaba a ORGA e como se van consagrando na Constitución do 31 aspectos cos que non está conforme. Ademais, unha e outra vez constata que as demandas e problemas de Galiza (aranceis cerealísticos, “Tratado do Uruguai”, obras dos camiños de ferro, contrabando de reses...) non reciben a atención e o trato que agardaba por parte do Executivo da coaligación republicano-socialista.

A pesar de todo, Antón Villar Ponte obstínase en continuar na ORGA e mesmo chega a protagonizar algunha polémica pública, a través das páxinas de prensa, con destacados dirixentes do PG ou da “Sociedade Nazionalista Pondal” de Buenos Aires como Vitor Casas, Alexandre Bóveda e Bieito Carballo, por mor desta actitude⁸¹.

⁸¹ Véxanse os artigos: VILLAR PONTE, A. “Exemplos. Porque estou e como estou on’estou”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.5.1932; CASAS, V.: “Fenestra. Pra Antón Villar Ponte”, *El Pueblo Gallego*, 15.5.1932; CARBALLO, B.: “Os homes, os ditos, os feitos”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 53, 2ª xeira, 15.8.1932; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Los enemigos de la autonomía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.8.1933; BÓVEDA, A.: “Para Antón Vilar Ponte. Os verdadeiros nemigos da Autonomía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.8.1933; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Contestación a Alejandro Bóveda”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.8.1933; BÓVEDA, A.: “Táiticas e realidade. A responsabilidade en que incurren algúns autonomistas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 3.9.1933.

Da hostilidade ou pouca querencia que ese comportamento espertou nas fileiras galeguistas, nomeadamente entre os militantes máis novos e “radicais”, dan conta algúns ataques á súa persoa no xornal galaico-arxentino arredista *A Fouce* ou a propositada ocultación do seu nome por parte de Francisco Fernández del Riego nunha conferencia sobre a “renascenza” galega ditada en Vigo no mes de xullo de 1933. Precisamente esta omisión de seu irmán por parte do conferencista sería vehementemente condenada por Ramón Villar Ponte nos seguintes termos:

“Da relación non moi curta nin moi parca en gabanzas e ditirambos que F. del Riego fai de nomes e figuras (algunhas moi discutíbeis) da renascenza galega actual, se pode decire que si non sobran nomes hai pol-o menos a falla de un. Hai a ausencia de un que, queira ou non queira del Riego, ou queira ou non queira quen sexa, ocupa por dereito propio lugar preeminente sobre todol-os que sexan indiscutíbeis e con dereito aos pirmeiros postos. Refírome (e xa poden escandalizarse os escravos dos convenzonalismos e dos formulismos adoitados) a un irmán meu, refírome, como xa moitos se terán decatado, a Antón Villar Ponte. Esquecere, silenzare, falando do rexurdir de Galiza, a Antón Villar Ponte, cando, como todos saben, él foi nos nosos días o iniciador, o fundador da política galega da lingua, que se concretando na fundación das Irmandades da Fala dou marxen a todo o grorioso rexurdir que presenciamos, é algo qu’eu non quero calificare. E isto sen contare con que da pruma de Antón Villar Ponte sairon aquelas páxinas escritas en galego que trazaron o vieiro lumioso por onde logo seguiron todol-os que Del Riego cita e louba, entramentras silenza ao pai espiritual de toda a nosa renascenza nazonal...”⁸²

⁸² Cf. VILLAR PONTE, R.. “Encol dunha Conferenza. Ao paso dunha inxusticia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.989, 26.10.1933.

Unha das maiores diverxencias tácticas, non tanto ideolóxicas, que existiu entre ambos irmáns verificase precisamente no período 1931-1934. Mentres Ramón marcha da ORGA a finais de 1931, moi descontento coa organización⁸³ e moi doído coa súa actitude perante a cuestión estatutaria⁸⁴, para acto seguido ingresar no PG e aliñarse dentro deste co sector católico e conservador que lideraban Risco, Otero e Filgueira Valverde, Antón desoe os convites iniciais de integración no recién nado PG, permanece na ORGA a despeito das convulsas evolucións e sucesivas renuncias ao ideario orixinario desta forza, atura estoicamente as acusacións de traidor que cada vez con máis frecuencia se verten cara a el desde as fileiras nacionalistas e persiste na idea de alentar, por puro posibilismo ou pragmatismo, unha forza autonomista galega como vía para a consecución dos seus principais obxectivos políticos.

Son moitas as voces críticas que se erguen, desde distintos sectores, contra a súa actuación como parlamentario no período constituínte, ben porque intervén poucas veces como orador, ben porque non logra que a minoría republicana galega actúe en coherencia co programa prístino da ORGA-FRG. Esas críticas van obrigalo a redixir máis dun artigo defensivo e auto-xustificativo⁸⁵. Como conclusión, escribía en novembro de 1933, na véspera das eleccións que habían deparar o triunfo das candidaturas dereitistas:

“No hubo un solo proyecto parlamentario de interés para Galicia que yo no secundase resueltamente, sin preocu-

⁸³ Cf. VILLAR PONTE, R. “¿Unha resurreición?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 12.1.1932.

⁸⁴ Cf. VILLAR PONTE, R: “Verbas no vieiro. Autonomismo non sentido”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.4.1932.

parme de si era o no compatible con otros intereses extraños y con la disciplina de tal o cual partido. Jamás invoqué el nombre de Galicia en vano. Y cuanto llevo dicho desde que tuve uso de razón en artículos y discursos lo reflejé sin titubeos en el Parlamento. De ello queda constancia en el “Diario de Sesiones”. Hay más, mi modesta pluma, cuyo lema es *veritas prius pace*, cuando gentes de la propia minoría a que he pertenecido exteriorizaron juicios erróneos se alzó en protesta pública contra los mismos. Pero esto no debe extrañar a nadie si se tiene en cuenta que por sobre todas las disciplinas de partido estaba el acendrado galleguismo que alumbré y practiqué a lo largo de mi vida (...) mi firma, mi voz y mi voto en las Cortes Constituyentes nunca traicionaron a Galicia ni a mis sentimientos izquierdistas de siempre.

Vuelvo, pues, al pueblo del que salí con la conciencia tranquila, para ser de nuevo un número en su seno. Pero un número determinado como de costumbre. Jornalero de la pluma, al jornal y a la jornada”⁸⁶.

Cando a primeira lexislatura da 2ª República estaba xa a piques de finalizar de maneira prematura e sen cumprir o programa lexislativo previsto, sobre todo por

⁸⁵ VILLAR PONTE, A.: “Apostillas políticas. Más que los diputados fracasó la opinión”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6.1.1932; VILLAR PONTE, A.: “Buenos días. Digamos la verdad”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7.2.1932; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El tópico de los gallegos resentidos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11.11.1932; VILLAR PONTE, A.: “Temas políticos. La minoría gallega trabaja”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.8.1933; *SIL* (pseud.): “Rutas gallegas. Una opinión en defensa de los diputados”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 31.5.1933; e, finalmente, VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Yo he cumplido con mi deber”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 4.11.1933.

⁸⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Yo he cumplido con mi deber”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 4.11.1933.

mor da táctica obstrucionista practicada desde febreiro de 1933 polos deputados radicais lerrouxistas, Otero Pedraio facía certas confesións en carta a Ramón Villar Ponte desde Trasalba, con data de 5 de maio de 1933, entre as que cómpre salientar as seguintes, por canto resultan indicativas tanto de certa actitude vital de Antón nese instante como da estreita marxe de manobra que a propia situación parlamentaria e política xeral deixaban para o *lucimento* e a eficacia no hemiciclo:

“Fálasme de Antón con confianza. O mesmo teño eu pensado moitas veces. Eu quéroo moito. Cando lle dou unha aperta de despedida nun encontro nas nosas viaxes sinto unha onda de amor e piedade ao estreitar un corpo tan feble, e non son capaz de decirlle ren de reproche. Coido que a estanza en Madrid fáille mal mais endemais anda con rapaces noctámbulos e cafetómanos de vida desfeita. Pro non hai de eisaxerar as cousas. A laboura do escritor e do xornalista sigue rexa coma sempre e realmente nas Cortes se non pode faguer grande cousa”⁸⁷.

Sabido, por diversos testemuños epistolares, o papel fundamental que desempeñou Castelao na atracción do máis vello dos Villar Ponte para o seu ingreso no PG, en marzo de 1934, cabe preguntarse canto influíu Ramón nese proceso. Hai algúns datos que inclinan a pensar que foi bastante. Da re-sintonización táctica, provisoria, entre ambos irmáns deriva o feito de que para as propias lexislativas de novembro de 1933 Antón chegase a pedir publicamente o voto (concretamente nas páxinas do *Heraldo de Galicia* ourensán, 15.11.1933) para Otero Pedraio, común amigo de ambos, mais ideoloxicamente moito máis

⁸⁷ Cf. Carta de Otero Pedraio a Ramón Villar Ponte, datada en Trasalba, a 5 de maio de 1933, obrante na Fundación Penzol-Vigo, Fundo Villar Ponte, Carpeta 39 (1).

cercano a Ramón. A valorización negativísima da figura de Casares Quiroga, da traxectoria da ORGA e da acción de goberno da coaligación republicano-socialista no período constituínte que transloce en artigos de Ramón en *El Pueblo Gallego* como os intitolados “Momentos do ano morto” (6.1.1934) e “No día noso. Terra, ledicia e fe” (25.7.1934) non dista demasiado da expresada por Antón nesa mesma altura en traballos publicados no mesmo xornal vigués como “Antes que nada, un examen de conciencia” (14.1.1934), “O el frente único anticaciquil o Galicia será siempre una colonia de esclavos morales” (16.2.1934), “¿Vamos o no al juego limpio que requiere la hora actual?” (25.2.1934) ou, finalmente, “Coloquio sobre el izquierdismo con muletas caciquiles” (10.8.1934).

Repárese, ademais, que é entre 1934 e decembro de 1935 cando as plumas dos Villar Ponte retoman a colaboración con asiduidade nas páxinas do agora boletín do PG, *A Nosa Terra*, por máis que nos seus respectivos artigos se evidencien, ao lado de coincidencias indiscutíbeis, algunhas diverxencias de fondo notábeis⁸⁸.

⁸⁸ Ramón ataca nesas colaboracións ao dereitista Partido Agrario Español de Martínez de Velasco, verte críticas contra diversos sectores anti-catalanistas da sociedade galega (Deputacións provinciais, xornal radical-lerrouxista *La Zarpa*) e, sobre todo, propón unha vía sinfeniana (“¡Nós sós!”) para o PG, sen pactos coas esquerdas burguesas e obreiras de obediencia estatal (Cf. “¡No día de Galiza!”, *A Nosa Terra*, nº 341, 21.7.1934). A inquina contra Casares Quiroga e o que representaba politicamente transparéntase en artigos como “Realce de feitos. Non hai que esquecer” (*A Nosa Terra*, nº 368, 1.6.1935) e “Verbas de un nazonalista. Encol das alianzas” (*A Nosa Terra*, nº 396, 27.12.1935). Ademais de urxir a unha intensificación da propaganda galeguista, que implicaba tornar menos lúdico e máis combativo o propio Día de Galiza (cf. *A Nosa Terra*, nº 375, 25.7.1935), Ramón advertía contra o camiño das renuncias ideolóxicas e dos pactos como xeito de garantir un medre de representación institucional que, para el, pouco ou ningún valor encerraba.

Acontece, porén, que a visión de futuro político e a aposta táctica de Antón como militante do PG discrepou axiña das de seu irmán.

Como dirixente de 2ª fila nese intre, Ramón apostou por unha vía de isolamento do PG a respecto de todas as demais forzas (“Nós Sós”), o que provocou o seu progresivo esmorecemento como referencia interna na organización: non aparece na directiva do PG de Viveiro na reorganización que este leva a cabo en xaneiro de 1936 e ocupa o posto nº 23 da votación interna que o Partido celebra tamén nese mes para a designación de candidatos ás lexislativas de febreiro de 1936.

Antón, por contra, concordou co xiro á esquerda do PG que Bóveda e Castelao capitanearon desde 1934, criticou con dureza a escisión da “Dereita Galeguista” dos Risco, Filgueira, etc. e benzoou a política de establecemento de alianzas primeiro co republicanismo burgués de esquerda e, xa no 1936, co republicanismo obreirista, na “Frente Popular”. Iso valeulle (a pesar das reticencias que amosaron contra el algúns membros da FMG, que non lle perdoaban a súa peripecia nas fileiras casaristas) ocupar postos directivos no agrupamento galeguista local coruñés (vicepresidente), facer parte dos organismos nacionais de dirección do PG, participar como orador nos principais mitins da organización e ser eleito candidato do partido para as lexislativas de febreiro pola circunscrición coruñesa. Significativo é, neste sentido, o feito de que Antón acadase a terceira votación máis nutrida, só por detrás de Castelao e Suárez Picallo, nas votacións internas que o PG realizou de cara á designación de candidatos.

Ora, as diverxencias tácticas e políticas entre os irmáns Villar Ponte nos anos finais da República non impediron o seu acordo absoluto en tarefas culturais. Ambos animaron, efectivamente, en 1933 a celebración de diversos actos co gallo do primeiro centenario de Murguía, publicando ademais artigos evocadores e valorizadores desa figura⁸⁹. En 1934 Ramón asiste tanto ao acto de ingreso de Antón na Academia Galega (xullo), coa lectura do discurso *O sentimento liberal na Galiza*, como á homenaxe que se lle tributa ao autor de *Os evanxeos da risa absoluta* no seu Viveiro natal (outubro). En 1935 Ramón e Antón, na compañía de Plácido Ramón Castro, ultimaron as traducións para o galego e editaron na casa “Nós” *Dous folk-dramas* do escritor de orixe irlandesa e premio Nobel Willian B. Yeats. Tamén xogaron nese mesmo ano un papel relevante na conmemoración do primeiro centenario do nacemento de Eduardo Pondal. Ramón exhumou unha carta inédita do autor de *Queixumes* ao maxistrado e erudito viveirés Parga Sanjurjo, glosándoa nas páxinas de *El Pueblo Gallego* (8.2.1935) e Antón conferenciou no Ateneo herculino de Santa Lucía sobre o “bardo”, divulgou a súa figura e relevancia en varios artigos de prensa e participou nos actos que con motivo da efeméride organizou a Academia Galega.

⁸⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Una iniciativa plausible. Galicia debe un homenaje a su historiador insigne”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.2.1932; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. En vísperas del Centenario de Murguía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.12.1932.; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Si tenemos defectos, librémonos del de la ingratitud”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 14.3.1933. Cf. VILLAR PONTE, R.: “No centenario de Murguía. Guieiro, precursor e mestre”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17.5.1933.

Non chegou a ver constituída Antón en vida a “Asociación de Escritores de Galicia” que impulsou mediante varios artigos de prensa e coa colaboración de Álvaro de las Casas, mais dela faría parte, acudindo mesmo á súa reunión fundacional en Compostela, Ramón Villar Ponte.

As eleccións de febreiro de 1936 converteron a Antón en deputado electo, mais unha perforación gástrica acabaría coa súa vida na madrugada do día 3 a 4 de marzo dese ano. Tiña 55 anos de idade. Ramón case non tería tempo máis que para coller un taxi con urxencia en Viveiro ao se enteirar telegraficamente do empeoramento do irmán e chegar á Coruña cando a vida deste chegara infelizmente ao seu fin.

**12. Coda. Ramón depositario do
cariño e a dor colectivas pola morte de
Antón.**

A morte de Antón Villar Ponte foi un acontecemento que conmocionou amplos sectores da sociedade galega, como testemuñan as múltiples manifestacións de dó que se exteriorizaron e as variadas iniciativas de homenaxe que se puxeron en marcha nese instante: un enterro autenticamente multitudinario; unha sesión necrolóxica nas Cortes españolas; todas as sés dos partidos de esquerda na Galiza coas bandeiras a media haste; minutos de silencio ao comezar as actividades de todo tipo das máis diversas e variopintas entidades do país; todos os afiliados do PG portando un brazaletes ou unha gravata negra durante meses; planas e máis planas de publicacións galegas, españolas ou da colonia emigrada ocupadas con artigos e poemas dedicados á súa recordación; a FMG santiaguesa recompilando un breve monllo dos seus traballos na *Escolma d-artigos nazonalistas* e o grupo galeguista xuvenil de Celanova (Pepe Velo, Celso E. Ferreiro...) editando uns cartóns conmemorativos; os xornais *El Pueblo Gallego* e *La Voz de Galicia* abrindo senllas subscricións para recadaren fondos para o erguemento dun monumento a A. Villar Ponte na Coruña, deseñado por Asorei; o grupo ferrolán “Abrente” realizando lecturas de textos en homenaxe a Villar Ponte no cabo Prioriño e insculpindo nunha xigantesca pedra unha frase súa; acordos de varias corporacións municipais aprobando o bautizo de rúas e colexios co seu nome, outorgando axudas para os seus orfos, etc.; acordos do “Seminario de Estudos Galegos” para reeditar a obra villarpontina; e un longuísimos etcétera.

Ramón foi quen se fixo cargo inicialmente dos orfos de seu irmán e quen recolleu moito do cariño e do pesar populares pola morte deste. A manifestación do catorce de abril de 1936 polas rúas de Viveiro detívose diante da súa casa, mantivo un minuto de silencio, interpretou o himno galego e fixo entrega á familia dunha bandeira galega enloitada. De todo isto garda memoria viva e sempre emocionada a filla de Ramón, Teresiña Villar Chao. En maio de 1936, facendo unha paréntese na propaganda estatutaria, Ramón reaparecería fugazmente nas planas do voceiro galeguista *A Nosa Terra* para agradecer tantas e tantas mostras de cariño recibidas...

Semanas despois comezaría na Galiza o terror e un mestísimo manto de silencio, de ocultación e de olvido caería enriba da figura, da obra e do pensamento destes dous irmáns de sangue e de espírito que fixeron unha contribución autenticamente decisiva para o seu /noso país.

Emilio Xosé Ínsua López

BIBLIOGRAFÍA CITADA

ABAD CONDE, G: “Tercería. En pro de la Alianza Republicana”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.677, 11.8.1929.

ANÓNIMO. “Nuestro Director”, *El Correo Gallego*, Ferrol, nº 15.568, 19.7.1921

ANÓNIMO: “Un xornal que quere a escravitude da Terra”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921.

ANÓNIMO: “El momento de Galicia”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 34, 25.5.1926.

ANÓNIMO: “Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 90, 16.1.1927.

ANÓNIMO: “Homenaje a Antonio Villar Ponte”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 91, Ano VI, 23.1.1927.

ANÓNIMO: “El Señor Villar Ponte, en libertad”, *El Orzán*, A Coruña, nº 2.707, 30.1.1927.

ANÓNIMO: “Liñas de loito”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 255, 1.12.1928.

ANÓNIMO: “Necrológicas. Doña Micaela Chao de Villar Ponte”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 95, 10.12.1928.

ANÓNIMO: “Un pleito de dignidad gallega. Acerca de Soto Reguera”, *¡Ahora!*, Lugo, nº 2, 23.3.1930.

ANÓNIMO: “Un cacicazgo en ruinas. Soto Reguera es recibido con serias manifestaciones de protesta en Vivero”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.933, 20.8.1930.

BERAMENDI, Justo G. (Ed.): *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Ed. do Castro, Sada, 1991.

BERAMENDI, Justo G. e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel: *O nacionalismo galego*, Ed. A Nosa Terra, Col. Historia de Galicia, nº 18, Vigo, 1995.

BÓVEDA, A.: “Para Antón Vilar Ponte. Os verdadeiros enemigos da Autonomía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.8.1933.

BÓVEDA, A.: “Táiticas e realidade. A responsabilidade en que incurren algúns autonomistas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 3.9.1933.

CARBALLO, B.: “Os homes, os ditos, os feitos”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 53, 2ª xeira, 15.8.1932.

CASAS, Álvaro de las: “La Editorial ‘Nós’”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21.9.1934.

CASAS, Vítor: “Fenestra”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.000, 28.8.1930.

CASAS, Vítor: “Fenestra. Pra Antón Villar Ponte”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 15.5.1932.

- FERNÁNDEZ OXEA, X. R. (*BEN-CHO-SHEY*): “O fogar de Vilar Ponte”, *A Nosa Terra*, nº 405, 13.3.1936.
- GARCÍA ATADELL, A.: “Hablando a mis paisanos. Hay que evitarlo”, *El Socialista*, Madrid, ca. primavera de 1930. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 1.
- GARCÍA LABELLA, J.: “Comentando a Villar Ponte. El partido radical socialista”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.689, 21.7.1929.
- GARCÍA-SABELL, Domingo (ed.): *Manuel Antonio. III. Correspondencia*. Ed. Galaxia, Vigo, 1979.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *Memorias de un estudiante liberal (1903-1931)*, Ed. do Castro, Col. Documentos, nº 35, Sada, 1987.
- KEN KEIRADES* (GARCÍA BARROS, Manuel): “Rexoubas”, *El Emigrado*, A Estrada, nº 220, 16.2.1927.
- LESTA MEIS, Xosé: “De mi tierra. Un caso de dignificación del espíritu liberal de Galicia”, *Heraldo de Galicia*, La Habana, nº 28, ano XII, 10.5.1930.
- LOSADA DIÉGUEZ, A.: “Conversa”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 227, 25.7.1926.
- [PENZOL, Fermín]: “Documentación epistolar”, *Grial*, Vigo, nº 73, Xullo-Agosto-Setembro de 1981.
- QUINTANILLA, Xaime: “Do meu feixe. Equívocos”, *La Zarpa*, Ourense, nº 143, 11.1.1922.

SIL (pseud. de VILLAR PONTE, A.): “Rutas gallegas. Una opinión en defensa de los diputados”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 31.5.1933.

TOBÍO FERNÁNDEZ, Lois: *As décadas de T. L.*, Edición do Castro, Serie Documentos, nº 110, Sada, 1994.

TUDELA, Mariano: *Álvaro Cebreiro. Vida y afanes de un creador*, Ed. do Castro, Col. “O Movemento renovador da arte galega”, nº 2, Sada, 1983.

VILLAR PONTE, Antón: *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*, Impr. de *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2ª ed., 1916.

VILLAR PONTE, Antón: “Jornadas. Portugal y Galicia”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. 1918. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 1.

VILLAR PONTE, Antón: “¡Adiante! O Segundo Aniversario da Fundazón das Irmandades”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 56, 30.5.1918.

VILLAR PONTE, Antón: “Pangaleguismo. O camiño dereito”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 78, 15.1.1919.

VILLAR PONTE, Antón: “Resposta a un e a moitos. Dúas crases de galeguistas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 144, 15.7.1921.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. La enseñanza en Galicia”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 1.9.1921.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. Oh, la censura”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 7.9.1921.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. Luz y oscuridad”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 17.9.1921;

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. Mimetismo natural”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 21.9.1921.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. Casi parábola”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 28.9.1921.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Una cuartilla. Honrosa distinción”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 2.10.1921.

VILLAR PONTE, Antón: “Temas d’actualidade. A gran urbe”, *La Zarpa*, Ourense, nº 145, 13.1.1922.

VILLAR PONTE, Antón: “Para celebrar mis bodas de plata con la prensa. Una interviu conmigo mismo”, *Galicia*, Vigo, nº 514, 20.5.1924.

VILLAR PONTE, Antón: “Por si soy yo. El colaborador de la ciudad herculina *colocado políticamente*”, *Galicia*, Vigo, nº 582, 10.8.1924.

VILLAR PONTE, Antón: “Galerías. Al margen de un bello gesto”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 780, 15.8.1926.

VILLAR PONTE, Antón: “Ante el avance derechista. Hay que responder en debida forma”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 890, 10.12.1926.

[VILLAR PONTE, Antón]: “Temas de interés. Si hay liberales, ¿qué hacen?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 892, 12.12.1926.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. El partido radical socialista”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.674, 4.7.1929.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Una respuesta con sordina”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.691, 24.7.1929.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Sobre el cisma de la Alianza”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.680, 15.8.1929.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Respuesta diáfana a un amigo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.709, 19.9.1929.

VILLAR PONTE, Antón: “Exemplos. O noso poeta do mar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.827, 5.2.1930.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Respondiendo a una diatriba”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.852, 6.3.1930.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Las mismas causas...”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.887, 16.4.1930.

VILLAR PONTE, Antón: “Desde Vivero. Ética civil y ética caciquil”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.982, 7.8.1930.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Una emboscada audaz”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.007, 9.9.1930.

- VILLAR PONTE, Antón: “Apuntes para a nosa historia contemporánea. O loitador inesquecente”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 21, 15.10.1930.
- VILLAR PONTE, Antón: “Apostillas políticas. Más que los diputados fracasó la opinión”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6.1.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Buenos días. Digamos la verdad”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7.2.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Una iniciativa plausible. Galicia debe un homenaje a su historiador insigne”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.2.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Exemplos. Porque estou e como estou ond'estou”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.5.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. El tópico de los gallegos resentidos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11.11.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. En vísperas del Centenario de Murguía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.12.1932.
- VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Si tenemos defectos, librémonos del de la ingratitud”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 14.3.1933.
- VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Los enemigos de la autonomía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.8.1933.

VILLAR PONTE, Antón: “Temas políticos. La minoría gallega trabaja”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.8.1933.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Contestación a Alejandro Bóveda”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.8.1933.

VILLAR PONTE, Antón: “Pretextos cotidianos. Yo he cumplido con mi deber”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 4.11.1933.

VILLAR PONTE, Antón: “Galerías. Comentarios a un artículo hábil”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen data en Arquivo Real Academia Galega, Fundo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 1.

VILLAR PONTE, Ramón: “Fixando puntos. A grande minsión galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 69, 15.10.1918.

VILLAR PONTE, Ramón: “Comentarios a una marcha”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 23.9.1921.

VILLAR PONTE, Ramón: “Honrando a nuestra tierra. El galaicoportugués en la Universidad de Barcelona”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 4.10.1921.

[VILLAR PONTE, Ramón]: “A política e o Nazionalismo”, *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, Ferrol, nº 2, xaneiro 1922.

VILLAR PONTE, Ramón. “Refrexos. As duas Galizas”, *Eco de Galicia*, La Habana, nº 182, 7.1.1923.

- VILLAR PONTE, Ramón; “Divagación en torno a Pastor Díaz”, *Galicia*, Vigo, nº 336 e nº 337, 29 e 30.8.1923, respectivamente.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. La independencia espiritual”, *Galicia*, Vigo, nº 450, 4.3.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. Lo invencible. Los héroes”, *Galicia*, Vigo, nº 452, 6.3.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. La cobarde moralidad”, *Galicia*, Vigo, nº 453, 7.3.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. Algo sobre la fé”, *Galicia*, Vigo, nº 473, 30.3.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. El valor supremo”, *Galicia*, Vigo, nº 476, 3.4.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. Vida y acción”, *Galicia*, Vigo, nº 481, 9.4.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. Una incomprensión lógica”, *Galicia*, Vigo, nº 507, 11.5.1924.
- VILLAR PONTE, Ramón: “Líneas incidentales. Juventud, divino tesoro”, *Galicia*, Vigo, nº 546, 28.6.1924.

VILLAR PONTE, Ramón: “Do que os feitos din”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.1.1927.

VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes. Ben di *La Veu*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.6.1927.

VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11.10.1927.

VILLAR PONTE, Ramón: “Liñas incidentaes. A imposición das circunstancias”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 26.2.1928.

VILLAR PONTE, Ramón: “Un voto e un chamamento”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 115, 10.10.1929.

VILLAR PONTE, Ramón: “A propósito de un manifesto”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 282, 1.4.1931.

VILLAR PONTE, Ramón: “¿Unha resurreición?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 12.1.1932.

VILLAR PONTE, Ramón: “Verbas no vieiro. Autonomismo non sentido”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.4.1932.

VILLAR PONTE, Ramón: “No centenario de Murguía. Guieiro, precursor e mestre”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17.5.1933.

VILLAR PONTE, Ramón: “Encol dunha Conferenza. Ao paso dunha inxusticia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.989, 26.10.1933.

VILLAR PONTE, Ramón: “¡No día de Galiza!”, *A Nosa Terra*, nº 341, 21.7.1934.

VILLAR PONTE, Ramón: “Realce de feitos. Non hai que esquecer”, *A Nosa Terra*, nº 368, 1.6.1935.

VILLAR PONTE, Ramón: “Eso non abonda”, *A Nosa Terra*, nº 375, 25.7.1935.

VILLAR PONTE, Ramón: “Verbas de un nazonalista. Encol das alianzas”, *A Nosa Terra*, nº 396, 27.12.1935.

VILLAR PONTE, Ramón: “*In memoriam...* El homenaje humilde (Anécdota)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 271-272, Marzo de 1943, pp. 225-227.

VILLAR PONTE, Ramón: *A Xeración do 16 (Discurso lido o día 16 de xuño do 1951 na súa recepción)*, Real Academia Galega, A Coruña, 1977.

VILLARES PAZ, Ramón: “As relacións da Galiza con Portugal na época contemporánea”, *Grial*, Vigo, nº 81, Tomo XXI, Xullo-Agosto-Setembro de 1984.

Este número 7 dos *Cadernos Ramón Piñeiro* rematouse de imprimir no obradoiro de Gráficas ATV, en Santiago de Compostela, o día 20 de decembro de 2004, festividade de San Domingos.

